



25

ANOS

*xerando actitude*

Universidade de Vigo

---

*Orzamento exercicio 2016*

---

Universidade de Vigo

---

## *I. Introducción*

O orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2016, segundo da actual etapa de goberno, coincide co remate do Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego 2011-2015 (PFSUG), e o comezo dunha nova etapa, marcada polo novo marco de financiamento que establece o Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2016-2020 (PFUG), e polo Horizonte 2020 da Unión Europea.

A estrutura deste documento é a seguinte: O primeiro capítulo resume o marco xurídico actual, coma condicionante legal da actuación de goberno. A seguir amosa a evolución económica da Universidade de Vigo ao longo do PFSUG 2011-2015 que está a rematar. En terceiro lugar, preséntase o novo PFUG 2016-2020 e a posición da nosa institución verbo do novo Plan. Continúa coa estrutura básica de ingresos e de gastos do orzamento 2016. Por último, salientanse as liñas de actuación de goberno, que materializan a posta en marcha das liñas de actuación da programación plurianual, presentada no ano pasado. A seguir, preséntase no segundo capítulo a previsión orzamentaria de ingresos. No capítulo terceiro, a previsión orzamentaria de gastos e, no cuarto, as normas que regulan a execución do orzamento.

---

## *1.1. Marco xurídico*

A preparación dos orzamentos da Universidade de Vigo ven condicionada polo marco económico, e en particular polo novo PFUG 2016-2020; sen embargo, e dado o carácter de institución pública, é máis relevante aínda o marco legal e o conxunto de normas que determinan a capacidade de actuación con este documento.

Este marco normativo está orientado especificamente, nos últimos exercicios, a garantir a estabilidade orzamentaria das administracións públicas e á procura dunha consolidación fiscal. As normas afectan non só ao volume ou teito de gasto, senón tamén á composición deste, e en particular ao realizado no capítulo de persoal.

En consecuencia, presentamos a seguir a normativa básica, centrando a atención nos cambios normativos deste ano en curso.

### *1.1.1. Lei orgánica de Universidades*

O artigo 2.2 da lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril) recolle a competencia da universidade para elaborar e aprobar o seu orzamento anual. Nos termos da Lei, a autonomía das universidades comprende “A elaboración, aprobación e xestión dos seus orzamentos e a administración dos seus bens”.

O artigo 14.2 establece as competencias do Consello Social sobre o orzamento e a programación plurianual:

“Así mesmo, correspóndelle a aprobación do orzamento e da programación plurianual da universidade, a proposta do Consello de Goberno. Ademais, con carácter previo ao trámite de rendición de contas a que se refiren os artigos 81 e 84, correspóndelle aprobar as contas anuais da universidade e as das entidades que de ela poidan depender e sen prexuízo da lexislación mercantil ou outra ás que as ditas entidades poidan estar sometidas en función da súa personalidade xurídica”.

O título XI establece o marco do réxime económico e financeiro das universidades públicas. En concreto:

No artigo 79.1 recóllese que “As universidades públicas terán autonomía económica e financeira nos termos establecidos na presente Lei. A tal efecto, garantírase que as universidades dispoñan dos recursos necesarios para un funcionamento básico de calidade.”

O artigo 81 foi obxecto de importantes modificacións por parte do Real Decreto-Lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que no seu artigo 6 indica:

81.2: O orzamento será público e equilibrado, e comprenderá a totalidade dos seus ingresos e gastos. Para garantir un mellor cumprimento da lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, as universidades deberán cumprir coas obrigas seguintes:

- Aprobarán un límite máximo de gasto con carácter anual que non poderá ser superado.
- Os orzamentos e as súas liquidacións farán unha referencia expresa ao cumprimento do equilibrio e sustentabilidade financeiros.

81.4: Ao estado de gastos correntes acompañarase a relación de postos de traballo do persoal de todas as categorías da universidade, especificando a totalidade dos custes da mesma e incluíndo un anexo no que figuren os postos de novo ingreso que se propoñen.

Os custos do persoal docente e investigador, así como de administración e servizos, deberán ser autorizados pola Comunidade Autónoma, no marco da normativa básica sobre Oferta de emprego público. Así mesmo, o nomeamento de persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal polas universidades deberá respectar a normativa básica estatal na materia.

81.5: As universidades deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte.

En caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo, o Consello Social deberá proceder na primeira sesión que celebre á redución de gastos do novo orzamento pola contía igual ao déficit producido. A expresada redución só poderá revocarse por acordo de dito órgano, a proposta do Reitor, previo informe do interventor e autorización do órgano correspondente da Comunidade Autónoma, cando a dispoñibilidade orzamentaria e a situación de tesourería o permitiran.

As transferencias, con cargo aos orzamentos da Comunidades Autónoma, a favor, directa ou indirectamente, das universidades requirirán a aprobación e posta en marcha da redución de gastos.

As universidades remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos e o resto de documentos que constitúan as súas contas anuais á Comunidade Autónoma (...). A falta de remisión da liquidación do orzamento, ou a falta de adopción de medidas no caso de liquidación con remanente negativo, facultará á Comunidade Autónoma para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a estabilidade orzamentaria da Universidade.

### *1.1.2. Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

Publicada no BOE do 30 de abril de 2012, o seu artigo segundo establece que será de aplicación a:

b) Ás Comunidades Autónomas, incluíndo nas mesmas todas as entidades vinculadas entre as que se atopan as universidades.

O artigo 3, o principio de estabilidade orzamentaria sinala:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.
2. Entenderase por estabilidade orzamentaria das administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo undécimo, referido á instrumentación de estabilidade orzamentaria, recolle que:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das administracións públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.
2. Ningunha Administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, definido como

déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

O capítulo IV da lei orgánica dedícase ás medidas preventivas, correctivas e coercitivas. O seu artigo 18 sobre medidas automáticas de prevención indica no seu apartado primeiro:

1.- As administracións públicas farán un seguimento dos datos de execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio non se incumpra o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Entre as medidas correctivas, o artigo 21 sobre o plan económico-financeiro sinala:

1. En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración que incumpra formulará un plan económico-financeiro que permita nun ano o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.

2. O plan económico-financeiro conterá como mínimo a seguinte información:

a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, se for o caso, do incumprimento da regra de gasto.

b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.

c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as aplicacións orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios en que se contabilizarán.

d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os cales se basean estas previsións, en consonancia co recollido no informe a que se fai referencia no número 5 do artigo 15. e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

A sección terceira da lei orgánica dedícase ás medidas coercitivas para o caso de incumprimentos por parte da Administración pública responsable.

O artigo 25 sinala:

1. En caso de falta de presentación, de falta de aprobación ou de incumprimento do plan económico-financeiro ou do plan de reequilibrio, a Administración pública responsable deberá:

a) Aprobar no prazo de 15 días desde que se produza o incumprimento a non dispoñibilidade de créditos que garanta o cumprimento do obxectivo establecido.

b) Constituír un depósito con xuros no Banco de España equivalente ao 0,2 por cento do seu produto interior bruto nominal. O depósito será cancelado no momento en que se apliquen as medidas que garantan o cumprimento dos obxectivos.

Se no prazo de 3 meses desde a constitución do depósito non se presentase ou aprobase o plan, ou non se aplicasen as medidas, o depósito non devengará xuros. Se transcorrido un novo prazo de 3 meses persiste o incumprimento, poderá acordar que o depósito se converterá en multa coercitiva.



2. De non adaptarse as medidas previstas na alínea a) do número anterior ou no caso de estas resultaren insuficientes, o Goberno poderá acordar o envío, baixo a dirección do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dunha comisión de expertos para valorar a situación económico-orzamentaria da Administración afectada. Esta comisión poderá solicitar, e a administración correspondente estará obrigada a facilitar, calquera dato, información ou antecedente respecto ás aplicacións de ingresos ou gastos. A comisión deberá presentar unha proposta de medidas e as súas conclusións faranse públicas nunha semana. As medidas propostas serán de obrigado cumprimento para a Administración que incumpra.

Non se poderá autorizar ningunha operación de crédito, nin a administración correspondente terá acceso aos mecanismos de financiamento previstos nesta lei até que as devanditas medidas fosen implementadas.

### *1.1.3. Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira*

(a súa vixencia esta afectada pola posterior reforma do artigo 135 da Constitución e pola promulgación da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).

Publicada no DOG do 29 de xuño de 2011, o seu artigo segundo establece que será de aplicación a:

c) Ás universidades públicas de Galicia e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas.

O artigo 3, principio de sustentabilidade financeira, sinala:

1. As actuacións dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei garantiran a sustentabilidade financeira das súas finanzas ao longo do ciclo económico.
2. Entenderase por sustentabilidade financeira, para os efectos desta lei, a capacidade de financiar compromisos de gasto presentes e futuros sen incorrer nun déficit ou endebedamento público excesivo consonte as normas de estabilidade orzamentaria e os compromisos do Pacto de estabilidade e crecemento no ámbito da Unión Europea.

O artigo 4, principio de estabilidade orzamentaria, sinala:

1. A política orzamentaria dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei supeditarase ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para a Comunidade Autónoma de Galicia, definido en termos de capacidade ou necesidade de financiamento e expresado en porcentaxe do produto interior bruto rexional a prezos de mercado.
3. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación coas entidades do artigo 2.2 a), a situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.
4. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación coas entidades do artigo 2.2 b), a posición de equilibrio financeiro.

O artigo noveno, referido á instrumentación de estabilidade orzamentaria, recolle que:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos dos distintos axentes comprendidos

no artigo 2.2 a) realizarase en equilibrio ou superávit orzamentario, computado en termos de capacidade de financiamento segundo a definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

2. Excepcionalmente, en función da situación cíclica da economía ou de circunstancias extraordinarias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá presentar déficit, de acordo cos requisitos establecidos pola normativa básica en materia de estabilidade orzamentaria.

Os orzamentos iniciais, ou, se é o caso, modificados, dos restantes axentes deberán aprobarse e liquidarse en equilibrio en termos de contabilidade nacional, agás as aplicacións que se financien con remanente afectado.

3. A elaboración, aprobación e execución orzamentaria dos axentes aos que se refire o artigo 2.2 b) realizarase en posición de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa aplicable.

Entenderase que un axente se atopa en situación de desequilibrio financeiro cando incorra en perdas das que o saneamento requira a dotación de recursos non previstos nos orzamentos dos axentes do artigo 2.2 a) que os acheguen.

No seu artigo 21. Disposicións específicas para as universidades e para os axentes vinculados a estas ou dependentes delas, indica:

Ademais das disposicións contidas nos capítulos precedentes desta lei, ás universidades e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas seranlles aplicables as seguintes disposicións específicas:

1. Os orzamentos das universidades deberán elaborarse con criterios homoxéneos, de forma que sexa posible a súa consolidación cos orzamentos xerais da CC.AA. de Galicia.
2. As contas anuais consolidadas de cada universidade deberán remitirse á consellería competente en materia de facenda antes do 30 de xuño do exercicio seguinte. Esta documentación xuntaráse á Conta Xeral da CC.AA. de Galicia para a súa remisión ao Consello de Contas de Galicia.

Na súa disposición transitoria. Plans de sustentabilidade financeira das universidades, indica:

Os orzamentos das universidades axustaranse e executaranse, en todo caso, consonte os planos de sustentabilidade financeira presentados ao abeiro do Plan de financiamento universitario 2011-2015 e co informe favorable da consellería competente en materia de facenda.

#### *1.1.4. Novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020.*

O novo PFUG 2016-2020 establece un novo marco financeiro para as tres universidades do SUG, no que se marcan unhas novas áreas de reparto e novos indicadores. Este novo plan continua as liñas básicas trazadas no anterior plan de financiamento do SUG 2011-2015, mudando os criterios de reparto entre as tres universidades e asignando novas ponderacións aos diferentes indicadores aprobados.

Este plan mantén a liña iniciada no 2011 establecendo un moderado incremento da financiación

para os próximos catro anos outorgando progresivamente un maior peso aos repartos por resultados. No apartado terceiro deste capítulo desenvólvense os aspectos máis salientables do Plan, así coma o efecto agardado sobre o orzamento da nosa institución para os vindeiros anos.

#### *1.1.5. Estatutos da Universidade de Vigo.*

Os estatutos da Universidade de Vigo, aprobados por Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, da Xunta de Galicia, recollen como unha das funcións do Consello de Goberno (artigo 39 j) a aprobación dos proxectos de orzamentos, segundo o informe preceptivo das liñas xerais do Claustro, das contas anuais da Universidade para o seu trámite ao Consello Social.

No seu título VII dedicado ao réxime económico e financeiro da Universidade, sinálase no artigo 153 respecto ao orzamento:

O orzamento anual da Universidade de Vigo será público, único e equilibrado e consistirá na relación detallada de todos os ingresos e gastos que deba realizar a Universidade durante un ano natural. A estrutura do orzamento da Universidade, o seu sistema contable e os documentos que comprenden as súas contas anuais adaptaranse ás normas que, con carácter xeral, se establecen para o sector público e, para os efectos de normalización contable, aos plans de contabilidade que a Xunta de Galicia puidese establecer para as universidades da súa competencia.

#### *1.1.6. Lei 48/2015 do 29 de outubro de Orzamentos da Administración Xeral do Estado para o Ano 2016.*

Publicada no BOE nº 260 do 30 de outubro de 2015, a nova lei de orzamentos mantén as liñas xerais en materia de emprego público, ás que as universidades, dado o carácter básico da norma, tamén están sometidas.

O artigo 19 establece que o ámbito de aplicación das medidas recollidas no Capítulo I: Dos gastos de persoal ao servizo do sector público, dentro do Título III: Dos gastos de persoal.

Un. A efectos do establecido no presente capítulo, constitúen o sector público:

b) As administracións das Comunidades Autónomas, os organismos delas dependentes e as universidades da súa competencia.

No apartado 2 do artigo 19 establécese que no ano 2016, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2015, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

O artigo 20 regula a oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal, sinalando no seu apartado Un.1. que, ao longo do exercicio 2016, non se procederá no sector público delimitado no artigo anterior (...) á a incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores.



No mesmo artigo no Un.2. indícase que respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, nos seguintes sectores e administracións a taxa de reposición fixarase ata un máximo do 100 por cento:

I) Ás Administracións Públicas en relación coas prazas de persoal investigador doutor dos Corpos e Escalas dos organismos públicos de investigación definidos na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Así mesmo, autorízanse un total de 25 prazas nos Organismos Públicos de Investigación, para a contratación de persoal investigador doutor, con certificado I3, na modalidade de Investigador distinguido, como persoal laboral fixo en ditos Organismos, previa acreditación de que a Oferta de Emprego Público destas prazas non afecta aos límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Igualmente, co límite máximo do 100 por cento da taxa de reposición, autorízase aos organismos de investigación doutras Administracións Públicas para a contratación de persoal investigador doutor que teña superado unha avaliación equivalente ao certificado I3, na modalidade de investigador distinguido, como persoal laboral fixo en ditos organismos, previa acreditación de que a oferta de emprego público destas prazas non afecta aos límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

J) As prazas dos Corpos de Catedráticos da Universidade e de Profesores Titulares de Universidade e as prazas de persoal de administración e servizos das Universidades, sempre que por parte das administracións públicas das que dependan se autoricen as correspondentes convocatorias, previa acreditación de que a oferta de emprego público das citadas prazas non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade, nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Dentro do límite da taxa de reposición correspondente aos corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade, previsto no parágrafo anterior, cada universidade estará obrigada a destinar, como mínimo, un 15 por cento do total de prazas que oferte, á contratación, como persoal laboral fixo, de persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3. Das restantes prazas que oferte, cada universidade poderá destinar unha parte das mesmas para o ingreso como profesor contratado doutor, nos termos previstos no artigo 52 da citada Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.

No Un.2. establécese que durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

No Un.4 indícase que “A contratación de persoal laboral temporal e o nomeamento de funcionarios interinos e de persoal estatutario temporal, nas condicións establecidas no apartado Dous deste artigo requirirá a previa autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.”

**I.1.7. Proxecto de Lei de Orzamentos da CC.AA. de Galicia para o ano 2016.**

O proxecto de Lei, actualmente en fase de discusión no Parlamento de Galicia, dedica o seu Título II aos gastos de persoal, recollendo no seu artigo 12 de Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal:

Dous.- No ano 2016 as retribucións do persoal ao servizo do sector público autonómico non poderán experimentar un incremento global superior ao 1 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro do 2015, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal coma á súa antigüidade.

O proxecto de orzamentos dedica o seu capítulo IV ás universidades que integran o SUG, fixando no artigo 34 os custes máximos de persoal autorizado e que:

Un.- De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, autorízanse para o ano 2016 os custos do persoal docente e investigador e de administración e servizos das universidades do Sistema universitario de Galicia nas seguintes contías:

	MASA SALARIAL	CARGAS SOCIAIS	TOTAL
UNIVERSIDADE DA CORUÑA	74.999,37	11.528,49	86.527,86
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	120.984,08	16.120,20	137.104,28
UNIVERSIDADE DE VIGO	75.633,64	11.920,94	87.554,58
TOTAL	271.617,09	39.569,63	311.186,72

Dous.- Dentro das anteriores contías non está incluído o custo derivado da recuperación establecida na disposición adicional décimo cuarta desta lei nin o do persoal investigador de proxectos e contratos de investigación e do persoal técnico de apoio contratado con cargo a eses proxectos e contratos.

Tres.- As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia experimentarán un incremento do 1 por cento con respecto das vixentes a 31 de decembro de 2015.

Os artigos seguintes, 35 e 36 están dedicados aos límites á contratación de persoal e ás retribucións adicionais do persoal docente e investigador fixadas pola Comunidade Autónoma:

Artigo 35.- Retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia.

O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor experimentarán, na súa contía anual, un incremento do 1 por cento con respecto das vixentes a 31 de decembro de 2015.

Artigo 36.- Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal do Sistema universitario de Galicia.

Un.- As universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia, respectando as disponibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, aplicarán unha taxa de reposición de como máximo un 100 por cento ás prazas dos corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade e mais ás prazas de persoal de administración e servizos.

Dentro do límite da taxa de reposición correspondente aos mencionados corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade, establecido no parágrafo anterior, cada universidade estará obrigada a destinar, como mínimo, un 15 por cento do total de prazas que oferte á contratación, como persoal laboral fixo, de persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtívase o certificado I3. Das restantes prazas que oferte, cada universidade poderá destinar unha parte para o ingreso como profesor contratado doutor, nos termos previstos no artigo 52 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

As correspondentes convocatorias deberaas autorizar a Consellería de Facenda, logo de acreditar que a oferta de emprego público das mencionadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade, nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dous.- Dentro das contías máximas autorizadas no artigo 34 desta lei e de acordo co que dispón a normativa básica en materia de taxa de reposición de efectivos, as universidades do Sistema universitario de Galicia poderán proceder excepcionalmente á contratación de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.

Substitúese o réxime de autorización previa conxunta polo de comunicación mensual que determinen as consellerías competentes en materia de universidades e orzamentos. Mediante resolución destes centros directivos poderase volver ao sistema anterior no caso de que non se realicen as mencionadas comunicacións ou se incumpran as condicións recollidas no parágrafo anterior para a celebración destes contratos .

#### *1.1.8. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

A lei 19/2013 ten por obxecto ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos.

Son obxecto de mención pola implicación que supoñen para o funcionamento da universidade os seguintes artigos:

Artigo 5, punto 4: A información suxeita ás obrigas de transparencia será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web de maneira clara, estruturada e entendible para os interesados (...).

Artigo 8, punto 1: Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título deberán facer pública, como mínimo, a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria (...)

Artigo 26, Principios do bo goberno, enumera entre os seus principios xerais para as persoas comprendidas no ámbito de aplicación deste Título:

- Actuarán con transparencia na xestión dos asuntos públicos, de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e co obxectivo de satisfacer o interese xeral.
- Exercerán as súas funcións con dedicación ao servizo público.
- Respetarán o principio de imparcialidade.
- Asegurarán un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións.
- Actuarán coa dilixencia debida no cumprimento das súas obrigas e fomentarán a calidade na prestación dos servizos públicos.
- Manterán unha conducta digna e tratarán aos cidadáns con esmerada corrección.
- Asumirán a responsabilidade das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen.

#### *1.1.9. Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.*

Coa entrada desta lei, a Universidade de Vigo debe adaptou no ano 2015 os seus procedementos para dar cabida a factura electrónica. Esta nova normativa implica que tódalas facturas que se emitan á Universidade de Vigo, recíbense en formato electrónico e anótanse nun rexistro contable de facturas co obxectivo de dar información aos provedores en todo momento sobre o estado da súa factura.

Esta necesidade obrigou á Universidade a cambiar os seus procedementos administrativos para ir adaptando paulatinamente o proceso administrativo interno deixando de lado o papel e pasando aos rexistros dixitais, poñendo en marcha un sistema dixital de pedidos e recepción de facturas mediante o que se traza todo o proceso de gasto con provedores.

Artigo 3. Obriga de presentación de facturas no rexistro: O provedor que expedise a factura polos servizos prestados ou bens entregados a calquera Administración Pública, terá a obriga, a efectos do disposto nesta Lei, de presentala ante un rexistro administrativo.

Artigo 4. Uso da factura electrónica no sector público: Todos os provedores que entregasen bens ou prestado servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica.

Artigo 6. Punto xeral de entrada de facturas electrónicas: O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, disporán dun punto xeral de entrada de facturas electrónicas a través do cal se recibirán todas as facturas electrónicas que correspondan a entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes.

No caso da Universidade de Vigo o punto de entrada das facturas electrónicas é o punto de entrada que a Xunta de Galicia pon a disposición dos seus entes dependentes.

Artigo 8. Creación do rexistro contable de facturas: Cada un dos suxeitos incluídos no ámbito de

aplicación desta Lei, disporán dun rexistro contable de facturas que facilite o seu seguimento, cuxa xestión corresponderá ao órgano ou unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade.

Dito rexistro contable de facturas estará interrelacionado ou integrado co sistema de información contable.

### *1.2.- Balance do Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego 2011-2015*

O PFSUG 2011-2015 ven de rematar neste exercicio. No mes de setembro o Consello Galego de Universidades aprobou o novo PFUG, que terá vixencia dende o 2016 ata o 2020. Consideramos relevante dar conta á comunidade universitaria dos resultados da aplicación do Plan que finaliza e do comportamento económico da nosa institución durante ese período.

O PFSUG 2011-2015 estableceu dúas formas de reparto, unha por criterios históricos e outra, e isto foi a novidade, por criterios obxectivos vinculados a resultados e mellora da calidade. Esta forma de reparto, reclamada explicitamente pola Universidade de Vigo, supuxo un cambio na forma de financiar ás universidades galegas, o que permitía que puidesen acadar un maior financiamento en base ao éxito no cumprimentos dos obxectivos.

Compre facer un repaso dos resultados obtidos no plan de financiamento 2011-2015 para posteriormente realizar a previsión co novo PFUG 2016-2020. A táboa nº1 presenta as transferencias recibidas en cada un dos fondos en que se estruturaba o plan:

Denominación dos fondos (miles de €)	2011	2012	2013	2014	2015 (Estimado)
Financiamento estrutural	90.199	87.660	81.721	82.241	83.703
Financiamento por resultados	6.412	6.454	12.851	12.682	12.216
Financiamento por mellora da calidade	5.420	5.755	6.348	6.568	7.200
Total (miles de €)	102.031	99.869	100.920	101.491	103.119

*Táboa nº1. Achegas do PFSUG á Universidade de Vigo*

Hai que ter en conta que as cantidades de 2012 están diminuídas polas rebaixas salariais aplicadas polo goberno do Estado, e que as cantidades das anualidades 2013 e sucesivas están diminuídas polas rebaixas salariais aplicadas polo goberno de Galicia.

Aínda así, como se pode apreciar, e asumindo un contexto enormemente adverso nos recursos públicos, o PFSUG 2011-2015 supuxo unha oportunidade para a Universidade de Vigo, na medida na que o financiamento por criterios históricos non obxectivos foi sendo substituído por resultados. O desempeño de toda a comunidade universitaria permitiu que a porcentaxe que correspondeu á nosa institución procedente dos resultados fora maior da que viña recibindo.

Alén dos recursos procedentes das transferencias do PFSUG 2011-2015, no que toca a outras fontes



de financiamento, a obtención e execución nos últimos catro anos foi estable.

No ámbito público, os fondos procedentes das convocatorias da Unión Europea foron claves para a captación de recursos. Nos próximos anos, consideramos que continuará a ser así, polo que os programas derivados do Horizonte 2020 deben ser obxectivo prioritario da universidade, particularmente para facilitar a investigación.

No ámbito privado, no que toca ás familias non recuperaron unha maior capacidade de renda que permita agardar un maior financiamento dos estudos universitarios. Por este motivo especialmente a nosa institución mantivo unha posición contraria á suba das taxas académicas. Aumentos elevados poden afectar á igualdade de oportunidades pero e que, ademais, o que provoca é a redución no número de matrículas ao elevarse o custo unitario dos estudos universitarios, provocando, en termos de ingresos para as universidades, o efecto contrario do que se pretende. No que toca ás empresas, mantívo-se o financiamento pola vía da transferencia de coñecemento, malia que a crise económica tamén limitou as posibilidades de contratación dende o ámbito privado.

Con todo o anterior, a evolución das principais magnitudes económicas da Universidade de Vigo para o período 2011-2015, recóllese na táboa nº2. Estas magnitudes son resultado das memorias liquidadas para os anos 2011 a 2014, e estimacións dos mesmos conceptos para o ano 2015, estando o ano en curso case que rematado.

Como se pode apreciar na táboa, continuamos a posición de estabilidade financeira que comezou no exercicio 2012. Para evitar o déficit, foron precisas tres condicións: un axuste previo no gasto, unha maior eficiencia na xestión do recursos e o mantemento da capacidade de captación de recursos alleos ao PFSUG 2011-2015.

Se realizamos unha comparativa entre as universidades do SUG cos últimos datos publicados (gráfico nº1), podemos confirmar o que se anticipaba anteriormente. A aplicación do PFSUG 2011-2015, reducindo o peso do criterios históricos, así coma a capacidade de captación de fondos procedentes de convocatorias da Unión Europea, permite que o noso desempeño económico siga por riba respecto do SUG.

(En miles euros)	EXECUCIÓN 2011	EXECUCION 2012	EXECUCION 2013	EXECUCION 2014	PREVISIÓN INICIAL 2015
Capitulo I	0	0	0	0	0
Capitulo II	0	0	0	0	0
Capitulo III	16.293	17.012	18.862	17.806	16.049
Capitulo IV	105.123	108.933	108.918	112.012	114.004
Capitulo V	431	753	413	394	203
<b>(1) Ingresos correntes</b>	<b>121.847</b>	<b>126.698</b>	<b>128.192</b>	<b>130.212</b>	<b>130.256</b>
Capitulo I	93.413	88.865	88.979	90.231	93.238
Capitulo II	23.507	22.636	22.267	23.870	22.080
Capitulo III	210	165	142	369	50
Capitulo IV	7.342	7.077	6.428	6.086	7.911
Capitulo V	0	0	0	0	0
<b>(2) Gastos correntes</b>	<b>124.472</b>	<b>118.743</b>	<b>117.816</b>	<b>120.556</b>	<b>123.279</b>

<b>AFORRO BRUTO</b>	<b>-2.625</b>	<b>7.955</b>	<b>10.376</b>	<b>9.656</b>	<b>6.977</b>
<b>ORZ. (3)= (1)-(2)</b>					
Capitulo VI	0	206	0	0	0
Capitulo VII	27.866	21.202	22.899	16.280	15.799
<b>(4) Ingresos de capital</b>	<b>27.866</b>	<b>21.408</b>	<b>22.899</b>	<b>16.280</b>	<b>15.799</b>
Capitulo VI	27.101	27.106	21.927	23.652	20.597
Capitulo VII	393	199	0	0	0
<b>(5) Gastos de capital</b>	<b>27.494</b>	<b>27.305</b>	<b>21.927</b>	<b>23.652</b>	<b>20.597</b>
<b>Ingresos no financeiros</b>	<b>149.713</b>	<b>148.106</b>	<b>151.091</b>	<b>146.492</b>	<b>146.055</b>
<b>Gastos no financeiros</b>	<b>151.966</b>	<b>146.048</b>	<b>139.744</b>	<b>144.208</b>	<b>143.876</b>
<b>SALDO OP. DE CAPITAL (6)= (4)-(5)</b>	<b>372</b>	<b>-5.897</b>	<b>971</b>	<b>-7.373</b>	<b>-4.798</b>
<b>DEF/SUP ORZAMENTO NON FINANCEIRO (7)=(3)+(6)</b>	<b>-2.253</b>	<b>2.058</b>	<b>11.347</b>	<b>2.283</b>	<b>2.179</b>
a. Capitulo VIII	41	39	59	101	45
b. Capitulo IX	5.449	208	0	0	0
<b>Ingresos financeiros</b>	<b>5.490</b>	<b>247</b>	<b>59</b>	<b>101</b>	<b>45</b>
c. Capitulo VIII	45	35	124	80	45
d. Capitulo IX	2.649	2.646	2.493	3.156	3.261
<b>Gastos financeiros</b>	<b>2.694</b>	<b>2.681</b>	<b>2.617</b>	<b>3.235</b>	<b>3.306</b>
<b>SALDO DE A. FIN. (8)= a-c</b>	<b>-4</b>	<b>4</b>	<b>-65</b>	<b>22</b>	<b>0</b>
<b>VARIACION NETA P. FIN (9)= b-d</b>	<b>2.800</b>	<b>-2.438</b>	<b>-2.493</b>	<b>-3.156</b>	<b>-3.261</b>
13. Conta 409	874	495	1.189	1.155	90
<b>Total axustes Contabilidade Nacional (15)= 10+11+12+13+14</b>	<b>874</b>	<b>495</b>	<b>1.189</b>	<b>1.155</b>	<b>90</b>
<b>CAP/NEC DE FINANCIAMENTO SEC´95 (16)=(7)+(15)</b>	<b>-1.379</b>	<b>2.553</b>	<b>12.537</b>	<b>3.438</b>	<b>2.269</b>

Táboa nº2.- Evolución financeira da Universidade de Vigo 2011-2015.




Gráfico n.º1. Capacidade ou necesidade de financiamento das universidades do SUG (2008-2014)

Coma conclusión do período 2011-2015, a Universidade de Vigo presenta unha posición financeira que se ten caracterizado por:

- A inexistencia de débeda bancaria, empregando o remanente de tesourería para financiar os pagamentos derivados dos gastos.
- O equilibrio orzamentario dende 2012, superando o déficit das contas do ano 2011.
- A incentivación da captación de recursos en fontes non tradicionais para manter e incrementar a actividade en diferentes eidos da Universidade, principalmente na internacionalización, na investigación e na transferencia.
- O control do gasto, por medio do axuste ao comezo da crise, así como a mellora continua na procura dunha maior eficiencia na súa xestión.
- O cumprimento dos prazos legais para facer fronte aos pagamentos.

O resultado do anterior é o que permite que os recursos non se empreguen no pagamento de gastos financeiros -máis alá dos que se derivan dos préstamos públicos obtidos en convocatorias competitivas- e que eses recursos se poidan optimizar nos obxectivos das liñas xerais de actuación.

---

### *1.3 O novo Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2016-2020*

A aparición dun novo Plan de Financiamento Universitario de Galicia para o quinquenio 2016-2020 (PFUG 2016-2020) debe ser recibida positivamente, na medida na que supón a consecución dun novo marco de estabilidade orzamentaria, o que facilita a programación a longo prazo nas nosas institucións universitarias.

No que toca ao nivel de financiamento global, o novo Plan supón un lixeiro aumento das achegas, consonte as expectativas de recuperación económica e, daquela, dos ingresos públicos no noso País. Malia o anterior, boa parte do aumento nominal do Plan é só nominal, xa que se corresponde con incorporar nel fondos que xa se recibían pero que non estaban incluídos dentro do Plan, vencellados a convocatorias de I+D. Tamén a incorporación do importe das pagas extras pendentes, condiciona o aumento nominal do ano 2016, polo que os efectos do novo Plan comezarase a notar en maior medida a partires do 2017.

Por outra banda, este Plan considera, como realizara por primeira vez o anterior (PFSUG 2011-2015), a necesidade de incluír o financiamento por resultados coma unha ferramenta útil para a mellora do conxunto do SUG, como vimos defendendo dende a Universidade de Vigo. O recoñecemento do desempeño e dos resultados é o mellor xeito de incentivar a cultura do esforzo e a consecución da excelencia académica, nun SUG xa de seu dunha elevada calidade e recoñecemento nas comparativas internacionais; sen embargo, como comentaremos posteriormente, o novo plan reduce os fondos reais repartidos en función de resultados.

A estrutura de financiamento do novo PFUG queda configurada, pois, en dous grandes fondos, o financiamento estrutural e o financiamento por resultados.

#### *1.3.1. O financiamento estrutural*

A achega estrutural no PFUG 2016-2020 representará inicialmente o 66,6% do total do financiamento do plan, cun importe inicial de 237,75 millóns de euros anuais. Esta contía irá dedicada a financiar o custo estimado das necesidades de persoal docente e investigador e de administración e servizos, partindo dunha estimación teórica de custo estándar da docencia. Así mesmo este custo calcúlase en función do número de alumnado, eliminando os criterios históricos e mellorando a transparencia e obxectividade do fondo.

Tal vez a maior novidade deste PFUG, ao noso xuízo, está nesa determinación de criterios para o reparto dos fondos estruturais. O reparto que se viña realizando sen criterios, con base na inercia histórica, adoece dunha xustificación que a fixación de parámetros vai facilitar, permitindo modelos de asignación cada vez máis xustos.

A táboa nº3 introduce os criterios de reparto do fondo estrutural para 2016, que definimos a seguir:

FONDO		DEFINICIÓN	% PESO 2016
FINANCIAMENTO ESTRUTURAL	CUSTE ESTÁNDAR	Incluirá contías a transferir a cada institución en función do custe estimado da docencia nos graos e máster oficiais ofertados, PDI, PAS e capacidade instalada. O cálculo basearase en datos das universidades. Compoñentes: - custe da formación - custe do persoal de apoio	66,6%
	RAM	Inclúe contías a transferir en concepto de obras de reforma, ampliación e mellora. O cálculo basearase na valoración de bens inmobles de cada entidade (datos de orzamentos liquidados).	

Táboa nº3.- Criterios de cálculo de financiamento estrutural no novo PFSUG

a) Fondo determinado polo custe estándar: o reparto deste fondo basease na estimación do custe docente estándar e do custe funcional das universidades do SUG, que será recalculada anualmente. Para este cálculo tomaranse como referencia os seguintes parámetros estándar:

- Tamaño de grupo: para cada unha das materias ofertadas polas universidades públicas en Titulacións oficiais (graos e máster) defínese un tamaño de grupo estándar, distinguindo entre créditos teóricos (establecido en 60 alumnos por grupo) e prácticos (16 alumnos para as materias experimentais e 38 para as non experimentais).
- Número de horas de docencia por crédito: establécese en 7 horas, das que 4 corresponden á docencia teórica e 3 á docencia práctica.
- Número de horas de docencia por cada PDI: establécese que para determinar o reparto estrutural o número de horas por cada PDI será de 180 horas de docencia.
- Módulo económico: establécese un módulo estándar de docencia tendo en conta as Retribucións do PDI en función do tipo de efectivo (Catedrático/a, Titular, Contratado/a doutor/a, Axudante doutor/a e Asociado/a).

b) Fondo determinado pola reforma, acondicionamento e mellora (RAM): trátase do financiamento estrutural destinado a subvencionar gastos de investimento derivados de obras por estas tres necesidades. O reparto deste subfondo realizarase tendo en conta as contías percibidas por este concepto por cada unha das universidades no 2015 e a valoración dos bens inmobles de cada una delas, de acordo coa táboa nº4:



Exercicio orzamentario	% correspondente ao reparto de 2015	% correspondente a valoración de bens inmobles
2016	50,00	50,00
2017	37,50	62,50
2018	25,00	75,00
2019	12,50	87,50
2020	0,00	100,00

Táboa nº4.- Porcentaxes de reparto do fondo RAM

Ao noso xuízo, os criterios de determinación que acabamos de describir teñen o efecto positivo de ser parámetros de medida; sen embargo, adoecen de condicións necesarias para definirse como custe estándar da docencia, que ten compoñentes que consideramos que non se inclúen nesta definición.

O novo reparto do financiamento estrutural, en todo caso, virá determinado por este novo modelo. A entrada en vixencia do novo Plan permitirá avaliar a súa capacidade de medida das necesidades estruturais, para coñecer se os criterios empregados nesta ocasión son os que mellor se corresponden co que se pretende.

Neste senso, e no que corresponde aos criterios estruturais, será necesario medir e xustificar as diferenzas entre ámbitos, e en particular a excepcionalidade coa que estiman os custos da docencia clínica, verbo doutras carreiras de carácter tecnolóxico ou científico, ou de titulacións con custos especiais, dado que para ese caso o tamaño dos grupos (e polo tanto o custe teórico) é diferente. A excepcionalidade na medida da docencia clínica verbo doutras titulacións experimentais ten un efecto discriminatorio entre estudos que consideramos que non se xustifica empiricamente, e que ten a súa vez un efecto discriminatorio entre universidades.

### 1.3.2. O financiamento por resultados

O financiamento por resultados representa inicialmente o 33,4% do total das achegas e pasará a representar o 40% no 2020. No que toca ao seu reparto a táboa nº5 recolle os diferentes conceptos que compoñen os resultados. Entre eles están os sexenios e complementos retributivos do persoal de cada unha das universidades do SUG e os convenios vinculados a liñas de investigación, que no plan anterior non se consideraban parte do financiamento por resultados.

Para o reparto deste fondo realizarase un cálculo en base a indicadores de índole académica, de investigación e transferencia, e uns obxectivos e mellora da calidade para avanzar na especialización dos campus e na mellora en rankings académicos, entre outros obxectivos. A táboa nº5 presenta o reparto deste financiamento.

A definición dos criterios e subfondos que compoñen o financiamento por resultados é a seguinte:

a) Complementos retributivos e compensación de matrículas:

Este subfondo comprende as compensacións ás universidades polos custes inducidos pola normativa estatal e autonómica, que atinxe a complementos retributivos do persoal docente funcionario e ás compensacións por matrícula do alumnado.

FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	Compensación normativa estatal e autonómica: contías derivadas das liquidacións anuais dos complementos retributivos estatais e autonómicos e compensacións anuais por bolsas e prezos públicos	33.4 %
	OUTROS CUSTES ASOCIADOS AO ENSINO UNIVERSITARIO	Contías derivadas do cumprimento de obxectivos funcionais de: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Centros asociados da UNED en Galicia</li> <li>- Fundación Rof Codina</li> <li>- Axencia da Calidade do SUG</li> <li>- Consellos sociais</li> </ul>	
	PANEL DE INDICADORES	Contías vinculadas aos resultados obtidos polas universidades en cada un dos indicadores que configuren un panel no que se recollan as principais áreas de acción: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Indicadores de rendemento académico</li> <li>- Indicadores de investigación e transferencia</li> </ul>	
	FOMENTO DA I+D+i E A TRANSFERENCIA	Contías vinculadas ao financiamento da investigación mediante convocatorias en concorrencia competitiva e convenios para a execución de programas de investigación e transferencia de coñecemento vinculados a: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Captación, formación e retención de talento</li> <li>- Investigación de referencia</li> <li>- Accións de mellora da calidade</li> </ul>	

Táboa nº5.- Criterios de cálculo de financiamento por resultados no novo PFUG

b) Outros custes asociados ao ensino universitario:

Nesta aplicación se consideran os créditos destinados a institucións de carácter universitario que desenvolven a súa actividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste senso, resulta sorprendente que se inclúan coma fondos por resultados os ingresos que percibe a UNED en Galicia, o financiamento da Fundación Rof Codina (vinculada á USC en Lugo) ou as achegas aos consellos sociais. Descoñecemos o criterio que leva a incluír estes fondos coma parte do financiamento por resultados.

c) Panel de indicadores:

O reparto dos créditos asociados a este subfondo realizarase aplicando os valores obtidos por cada unha das universidades do SUG nos indicadores de resultados recollidos na táboa nº6, que definen os obxectivos a acadar, fundamentalmente vinculados á investigación.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PONDERACIÓN %
PGFU-01	Número de grupos de investigación	10
PGFU-02	Captación de talento investigador	20
PGFU-03	Patentes en explotación	6
PGFU-04	Relación entre sexenios posibles e óptimos	5
PGFU-05	Producción científica	10
PGFU-06	Visibilidade da produción científica	10
PGFU-07	Teses de doutoramento defendidas	2
PGFU-08	Ingresos de investigación	15
PGFU-09	Proxectos nacionais e internacionais	5
PGFU-10	Alumnado de posgrao por graduado	10
PGFU-11	Taxa de graduación	6
PGFU-12	Alumnado estranxeiro matriculado	1

Táboa nº6.- Panel de indicadores de resultados

Verbo aos indicadores deste panel, consideramos que adoecen de dúas limitacións:

En primeiro lugar, porque son unha representación de obxectivos de carácter investigador, pero apenas consideran obxectivos de docencia ou transferencia, e non contemplan outros de empregabilidade, mobilidade internacional, plurilingüismo, mellora na xestión e na calidade ou eficiencia económica. Só nas accións de mellora da calidade se recollen algúns destes obxectivos de forma moi cativa a efectos económicos. Sorprende o retroceso porque boa parte deles tíñanse en consideración no PFSUG anterior.

En segundo lugar, porque o emprego dalgúns indicadores que non se ponderan por tamaño impide a medida da produtividade per capita, verdadeira medida, ao noso xuízo, do desempeño. É o caso dalgúns dos máis relevantes porcentualmente no programa, coma o da captación de talento investigador.

#### d) Fomento da I+D+i e da Transferencia

Comprende os créditos vinculados ao financiamento da I+D+i realizadas no eido universitario e noutros centros públicos de investigación avanzada, así como a transferencia de coñecemento. As actuacións enmárcanse no Plan de Innovación Intelixente de Galicia 2016-2020 e no programa operativo Horizonte 2020 da Unión Europea. O reparto deste fondo realizarase en función de convocatorias de concorrencia competitiva, polo que o financiamento por este concepto dependerá da taxa de éxito nas convocatorias.

#### 1.3.3. Estimación do financiamento pola aplicación do novo PFUG 2016-2020

Aprobado este novo PFUG, a estimación de ingresos para a Universidade de Vigo para os próximos cinco exercicios (os de aplicación do plan), recóllense na táboa nº7, expresada en miles de euros.

FONDO	DISTRIBUCIÓN	2016	2017	2018	2019	2020
FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL	CUSTE ESTANDAR	77.007	77.007	77.007	77.007	77.007
	RAM	1.629	1.653	1.674	1.691	1.707
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	COMP. RETRIBUTIVOS E COMP. POR MATRICULAS	5.704	5.704	5.704	5.704	5.704
	OUTROS CUSTES ASOCIADOS AO ENSINO UNIVERSITARIO	62	62	62	62	62
	PANEL DE INDICADORES	19.391	19.682	19.928	20.127	20.328
	TOTAL	103.793	104.108	104.375	104.591	104.809

Táboa nº7.- Estimación de financiamento pola aplicación do novo PFSUG

No cálculo das achegas para o ano 2016, está descontado o ingreso adicional que se corresponde coa recuperación da paga extra de 2012 por un importe de 1.840m€. Asumindo que a táboa anterior é tan só unha estimación, pódese apreciar que os valores agardados para os próximos cinco anos ofrecen estabilidade, mais non grandes mellorías de financiamento. O escaso crecemento da serie queda condicionado a un mellor resultado no panel de indicadores. Isto é consecuencia, pola súa vez, da previsión de evolución das principais magnitudes do PFUG, que ofrecemos na táboa nº8:

FONDO	SUBFONDO	EVOLUCIÓN
FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL	CUSTE ESTANDAR	Evolución da masa salarial
	RAM	Constante
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	COMP. RETRIBUTIVOS E COMP. POR MATRICULAS	Complementos vixentes
	OUTROS CUSTES ASOCIADOS AO ENSINO UNIVERSITARIO	Constante agás ACSUG con evolución da masa salarial
	PANEL DE INDICADORES	PIB real
	FOMENTO DA I+D+i E A TRANSFERENCIA	Taxa de referencia de crecemento do PIB x 2

Táboa nº8. Evolución prevista do PFSUG

Ademais do anterior, é posible que a maior limitación deste Plan, antes de comezar a súa aplicación, estea no reparto entre o financiamento estrutural e o financiamento por resultados. O aumento nominal do financiamento por resultados verbo do Plan que está a rematar non ten correspondencia exacta, posto que agora se inclúen no financiamento por resultados un conxunto de aplicacións que no anterior non tiñan ese carácter. É o caso dos fondos destinados á UNED en Galicia, ou as achegas para o funcionamento dos consellos sociais, por poñer algúns exemplos, que dificilmente se poden considerar resultados. Estimamos que na medición de resultados por indicadores prodú-

cese unha regresión, que vai do 33% do total do Plan que remata a un 14% no primeiro ano do novo Plan.

Aínda non estando conformes co anterior, por consideralo un retroceso, pódese entender neste primeiro ano como unha acción para salvar as dificultades financeiras que poden darse noutras universidades, derivadas do desequilibrio entre ingresos e gastos nos capítulos I e II, de persoal e de gasto corrente. Neste senso, as ineficiencias a corrixir lastran o conxunto do Plan, distraendo recursos que deberán ser empregados nunha maior creación de valor para a sociedade.

No futuro, a medida que quen estea nesta situación reduza os seus custos estruturais, os fondos que se van a empregar nesta causa deberán redirixirse a financiamento por resultados para que o SUG acade novas metas.

---

#### *1.4. Liñas básicas de actuación*

A seguir presentamos as liñas básicas de actuación, que se enmarcan nos obxectivos de planificación plurianual presentados no ano pasado para os catro anos de xestión deste equipo de goberno.

##### *A. Compromisos profesionais con PDI e PAS*

Un ano máis, as restricións de carácter legal descritas no capítulo I deste informe á comunidade universitaria limitan, se cabe aínda máis que as restricións económicas, tamén existentes, as políticas de persoal da Universidade de Vigo.

En relación ao PDI, as modificacións tanto no valor numérico como na aplicación da taxa de reposición permitirán no ano próximo a convocatoria dun maior número de prazas de PDI permanente. O escenario previsto para 2016 nas normas descritas no capítulo I deste documento contempla unha taxa de reposición do 100%, que se complementa coa recente modificación da LOU que inclúe a posibilidade da convocatoria dun número de prazas de promoción igual ao de prazas de profesorado funcionario convocadas. Estas prazas de promoción, xunto coas de mobilidade do profesorado dos corpos docentes dentro do estado, son adicionais ás que se convoquen co límite da taxa de reposición. Esta situación é claramente mellor que a vivida nos últimos anos pero, ao noso xuízo, estas solucións seguen a ser insuficientes posto que non permiten resolver definitivamente o problema das persoas en situación de interinidade, e porque limitan a convocatoria de prazas de promoción destinadas ás persoas que, co seu traballo, acreditaron méritos para esa promoción, o que penaliza manifestamente o mérito e a capacidade. Por esta razón, a Universidade de Vigo continuará reclamando en todos os foros nos que participa que se suprima a taxa de reposición e se eliminen as restricións á promoción para que as universidades que, como a nosa, son quen de xestionar eficientemente os seus recursos e non incorren en déficit, podan aplicar ese resultado no capítulo de persoal para recoñecer e premiar o mérito.

Respecto do profesorado axudante doutor e o persoal investigador que finaliza contrato ao longo do ano 2016, a Universidade de Vigo procurará continuar cos programas de retención de talento para persoal investigador e de intensificación investigadora para profesorado axudante doutor que foron postos en marcha durante o ano 2015 e que permitiron manter a relación contractual coa



Universidade de Vigo das persoas pertencentes a estes colectivos. Estes programas describíense no apartado de investigación deste informe.

Respecto de novas prazas de profesorado axudante e axudante doutor, atenderase especificamente a situación das áreas de coñecemento con maior déficit de profesorado permanente.

Continuaremos mellorando os seus niveis de eficiencia para que a capacidade de financiar o desempeño e os resultados dos seus recursos humanos sexan cada vez maiores, tanto no PDI coma no PAS.

No que toca especificamente ao PAS, resultará de vital importancia para o próximo futuro que, entre todos, sexamos quen de acadar o máximo consenso para a revisión e actualización da relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos. Esta actualización da RPT resulta imprescindible para dar unha mellor resposta, tanto aos novos requirimentos da comunidade universitaria, como aos retos aos que se enfronta a nosa universidade. Este exercicio orzamentario e chave para rematar a negociación cos representantes dos traballadores. O novo cadro de persoal ten que contemplar necesariamente o resultado do proceso de funcionarización, en todo caso voluntario, do actual PAS Laboral. O conxunto da negociación tense que desenvolver no marco das actuais posibilidades da universidade pero cunha clara vontade de impulsar a estabilización e a promoción do PAS.

Seguiremos apostando polo plan de formación, unha ferramenta de utilidade para fomentar o desenvolvemento e proxección profesional dos traballadores, contribuíndo deste xeito á mellora da calidade dos servizos.

### *B. Desenvolvemento integral dos e das estudantes*

Coma en exercicios anteriores, entendemos que a universidade ten un compromiso integral, cos e cas estudantes. Un compromiso que se manifesta nun conxunto de liñas de actuación externas e complementarias á propia docencia.

Para este ano 2016 mantéñense as políticas básicas, se ben con algunhas novidades ou achegas adicionais sobre exercicios anteriores, particularmente no ámbito da empregabilidade.

En primeiro lugar, avanzarase no ámbito normativo, a través de desenvolvemento das seguintes normativas e regulamentos:

- Normativa de permanencia (actualmente en negociación co alumnado)
- Regulamento de estudantes
- Regulamento de avaliación (no 2015 elaborouse a normativa para a avaliación por compensación)
- Normativas de prácticas externas

En segundo lugar, a través da política de bolsas e premios, nas que ademais das convocatorias doutras administracións públicas, mantense a cobertura con fondos propios, en concreto:

- Bolsas comedor
- Bolsas por causas sobrevidas

- Premios á excelencia académica
- Bolsa de estudos de máster (complementaria á bolsa do MEC)
- Bolsas de prácticas en empresas transfronteirizas a través do EURES-T
- De xeito singular, incremento de bolsas ao aloxamento no Campus de Ourense ante a falta de servizo da Residencia Universitaria

En terceiro lugar, a través das políticas de emprego e de emprendemento. Para este próximo ano, especificamente, os obxectivos previstos son:

- Coordinación cos centros dos protocolos de prácticas: procedementos, recoñecementos, obrigas dos titores...
- Mellora e implementación da aplicación informática de prácticas: desenvolvemento dos módulos de acceso de empresas, de acceso de estudantes, de prácticas curriculares e de materias
- Accións formativas de emprego, xerais e específicas de centros, coma os obradoiros de competencias (habilidades persoais e sociais) e técnicas para a busca activa de emprego
- Accións para promover e potenciar o emprendemento mediante a adquisición de recursos tanto para a creación de empresas como para o autoemprego. Entre outras:
  - Formación para a creación de empresas (en colaboración coa EOI) e obradoiros de competencias transversais (traballo en equipo, liderazgo, xestión do tempo...).
  - Encontros con emprendedores.
  - Servir de conexión entre as ideas e proxectos dos estudantes (TFG, PFC) e as empresas da contorna. Desenvolvemento dun novo programa: o TFG-Emprende .
  - Convocatoria INCUVI\_Emprende.
  - Programa de emprendemento do Campus da Auga de Ourense.
  - Coordinación cos centros para incorporar proxectos de TFG, TFM, PFC.
  - Posta en marcha dunha nova incubadora de iniciativas emprendedoras no marco do Campus da Auga coa colaboración de institucións públicas e outras entidades.
  - Coordinación con outras incubadoras (Campus do Mar, Vía Vigo, OpenFuture).
  - Convocatoria dunha segunda fase de INCUVI, para axudar á consolidación dun dos proxectos gañadores das anteriores edicións de INCUVI\_Emprende en cada campus.
  - Emprendemento social: en colaboración coa rede EUSUMO.
  - Organización (coa Vicerreitoría de Relacións internacionais) dunha International Staff Training Week de Emprego e Emprendemento no mes de Abril.
- Organización dunha Feira Internacional de Emprego coa Universidade de O Porto (celebrase en dúas semanas consecutivas de novembro nas cidades de O Porto e Vigo).

- Forum Emprego e difusión da Rede Europea de emprego EURES, o servizo transfronteirizo EURES-T.

Acompañando aos programas específicos para estudantes, a cobertura das súas necesidades formativas complementábase con outro conxunto de políticas universitarias. É o caso dos acordos estratéxicos e de intercambio en SICUE, dos programas de mobilidade internacional da ORI, da formación no Centro de Linguas e da Área de normalización lingüística, da asistencia no SIOPE... programas que no seu conxunto abranguen políticas transversais e ao conxunto da comunidade universitaria, nos que os/as estudantes teñen un protagonismo relevante.

### *C. Aposta pola internacionalización*

A internacionalización da universidade continúa a ser unha prioridade en todos os seus ámbitos (docencia, investigación...). Este ano, os obxectivos específicos son os seguintes:

- Fomento da implantación de plans de internacionalización nos centros, coa aportación de recursos que permitan incrementar a oferta académica en inglés, os programas de dobre titulación internacional, e a mobilidade do estudantado, PDI e PAS.
- Definición dun novo programa de mobilidade internacional Erasmus+ cos países dos Balcáns. Reforzo dos programas de mobilidade en Asia e América coa inclusión de novas universidades con perfil semellante á Universidade de Vigo.
- Organización da V International Staff Training Week, para persoal de administración e servizos dos nosos socios europeos, nos que a temática será o fomento do emprego e as prácticas universitarias. Participarán entre 30 e 50 representantes dos servizos de emprego de universidades europeas.
- Prestación de apoio integral ás persoas refuxiadas pertencentes á comunidade universitaria nos seus países de orixe.
- Presenza nos dous eventos máis importantes a nivel mundial de internacionalización da educación superior, a Conferencia da Association of International Educators en Denver, Colorado e a Conferencia da International Association of International Education en Liverpool.
- Consolidación da oferta de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, potenciando os centros da nosa universidade que dispoñen dun número de destinos por debaixo da media, estendendo os convenios existentes ao resto dos ámbitos do coñecemento, e completando a oferta de países para incluír novos destinos, fundamentalmente en Asia, África, Australia e América Latina.
- Internacionalización integral dos servizos telemáticos á comunidade universitaria. Seguindo coa senda iniciada nos últimos anos, realizarase un esforzo especial, en coordinación co resto dos órganos de goberno involucrados, para que toda a información e servizos dispoñibles na rede ofrecidos pola Universidade de Vigo sexan accesibles ao menos en galego, castelán e inglés.
- Promoción da oferta académica da Universidade de Vigo en eventos de captación de alumnado para os posgraos, fundamentalmente en América Latina, en colaboración coa Sección de

Posgrao e a Sección de Información, Orientación e Promoción do Estudantado.

- Elaboración de propostas para a captación de recursos externos, especialmente os programas internacionais de educación e cooperación ao desenvolvemento, e a través de acordos con institucións públicas e privadas. Preparación de novas propostas de proxectos institucionais, e participación en propostas dos nosos socios, dentro das convocatorias de cooperación educativa e cooperación internacional ao desenvolvemento.
- Accións de apoio e mellora do plan de docencia en inglés
- Avanzar na internacionalización lingüística dos centros con medidas de apoio e asesoramento lingüístico ao profesorado que participa nos programas de docencia en inglés, e formación en linguas para o PAS e o alumnado
- Planificación e supervisión académica da oferta de formación e acreditación lingüística do Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo

#### *D. Calidade docente e formación do profesorado*

As políticas de calidade gañan cada vez máis un espazo relevante na docencia, non só polo seu valor intrínseco, que o ten, senón pola necesidade de diferenciar a oferta educativa da institución fronte a outras alternativas.

Para 2016, e por primeira vez, as políticas de calidade irán integradas nos contratos programa dos centros, supoñendo unha parte importante do financiamento por resultados das escolas e facultades para este exercicio.

Por outra banda, a acreditación de títulos e a certificación de centros continúan a ser prioridades nos programas de calidade. Durante os anos 2016 e 2017, ademais de numerosos títulos de máster, deberán renovar a acreditación todos os títulos de grao da Universidade de Vigo. O noso obxectivo é elevar o nivel de recoñecemento obtido nestes procesos, para achegarnos a niveis de acreditación B. Respecto dos títulos de doutoramento comezaremos o deseño dos procesos de seguimento.

Tamén durante o ano 2016 está previsto levar a cabo o proceso de obtención de selos Acredita+ para os títulos de grao do ámbito tecnolóxico. Á espera das condicións que ANECA estableza para este proceso, comeza un percorrido que requirirá un importante esforzo económico e de xestión de todos os axentes implicados.

As políticas colectivas (de centro e de titulación), convivirán con programas máis específicos para persoas e grupos, coma as enquisas de avaliación docente e as liñas de innovación educativa.

Respecto da innovación educativa potenciarase a creación de grupos de innovación educativa que permita coñecer e recoñecer o traballo do profesorado neste eido. Continuaremos coa liña de traballo de formación de mentores para o estudantado, ampliando o número de títulos e centros implicados. Neste tema, avanzaremos cara a formación dos formadores, tratando de que sexa o noso propio profesorado quen desenvolva as tarefas de formación de mentores co obxectivo de garantir a sostenibilidade do proceso.

Ademais desta liña de formación do profesorado, continuaremos cos cursos específicos para a

docencia en inglés e con outros cursos propostos polo propio profesorado que poderán ser avaliados por unha comisión específica da mesa de PDI.

### *E. Titulacións de grao, máster e doutoramento*

Ademais das políticas de calidade que atinxen aos títulos e especificamente dos programas de seguimento dos mesmos, continuarase na revisión permanente das titulacións, modificándoas e adaptándoas á demanda social.

Respecto dos títulos de grao, está previsto implantar no mes de setembro o novo título de grao en Enxeñaría Aeroespacial, que no primeiro curso non precisa dotación de persoal ou infraestruturas docentes específicas.

Continuaremos coa aposta polos títulos de grao que se atopan sometidos a plans de viabilidade, incrementando a súa visibilidade e facilitando o seguimento destes plans.

A Escola Internacional de Doutoramento ten a vocación de liderar e poñer en común a oferta de doutoramento da Universidade de Vigo. Durante o ano 2016, xa extinguidos os programas de doutoramento das normativas anteriores, comezaremos a planificar de xeito ordenado a oferta formativa co obxectivo de que a docencia formal de doutoramento figure nas tarefas de profesorado ao mesmo nivel que a de graos e másteres.

### *F. Políticas de especialización e agrupación: Campus, Centros de apoio á investigación e Agrupacións estratégicas de investigación*

A evolución da oferta e da demanda universitaria no seu conxunto, e en particular a ligada á investigación e á transferencia, esixen cada vez máis dun dobre proceso aparentemente contradictorio, mais realmente complementario.

Por unha banda, asistimos á necesidade de agregar capacidades. Só dende proxectos conxuntos capaces de levar tras de si unha elevada capacidade académica é posible acceder a fondos e convocatorias públicas de investigación e transferencia. Por outra banda, é preciso especializar a oferta académica (docente e investigadora) para diferenciar e salientar as nosas capacidades.

O efecto destes dous vectores (agregación e especialización) modifica o modo no que a universidade reordena o seu potencial e o presenta para crear valor para a sociedade.

Na nosa institución, tres son os modos nos que se manifestan estas tendencias:

O primeiro, a estratexia de especialización dos campus, definida por catro proxectos: O Campus do Mar para o conxunto, o Campus da Auga en Ourense, o Campus Crea en Pontevedra e o Vigo Tecnolóxico.

No Campus do Mar os obxectivos a desenvolver no vindeiro ano son os seguintes:

- Consolidación da Unidade Técnica de Xestión e do Campus Dixital do Mar.
- No Eixo Estratéxico de Internacionalización, desenvolver os convenios asinados con centros de referencia a nivel internacional e a cooperación no marco da rede International



Association for Marine-related Institutions (IAMRI). Finalización da execución do programa de cooperación ao desenvolvemento con Cabo Verde.

- No Eixo Estratéxico de Investigación, impulso da elaboración de proxectos de investigación no marco dos clústeres de I+D.
- No Eixo Estratéxico de Transferencia, o obxectivo prioritario será o reforzo do programa de fomento do emprendemento coa colaboración dos principais axentes de fomento neste ámbito, particularmente a Zona Franca de Vigo, así como a elaboración e execución de proxectos de transferencia de coñecemento.
- No Eixo Estratéxico de Transformación do Campus, continuación do programa de Cultura Científica e Tecnolóxica e do programa de actividades Campus MarLife.
- No Eixo Estratéxico da Docencia os obxectivos centrais son o deseño e consolidación dos másteres interuniversitarios desenvolvidos no marco da rede de Campus de Excelencia de ámbito mariño CEI.MARNET e a internacionalización do programa de doutoramento DO\*MAR coa súa conversión nun European Joint Doctorate Programme.

O Campus da Auga, en Ourense, centrarase principalmente o vindeiro ano na divulgación científica e no desenvolvemento do Plan de acción que concreta o seu Plan estratéxico. En concreto:

- Creación de dobres titulacións entre o Campus de Ourense e universidades estranxeiras, afondando no camiño da internacionalización e mobilidade de estudantes.
- Elaboración do programa de doutorado do Campus da Auga a partir do diálogo con todos os centros e cos responsables dos posgraos existentes no Campus de Ourense.
- No eido da investigación os comités executivos dos clúster de I+D teñen como misión desenvolver proxectos de investigación cos que concorrer a convocatorias competitivas, estatais, europeas e internacionais.
- Creación e posta en funcionamento dunha unidade de Transferencia de Tecnoloxía e Coñecemento, xunto coa Confederación de Empresarios de Ourense.
- Elaboración e desenvolvemento dun plan específico de emprendemento e empregabilidade. A adaptación dos títulos de grao e posgraos ao EEES supuxo a xeralización das prácticas externas en todos os ámbitos de coñecemento. Sendo unha vía importante para a empregabilidade, enténdese que debe ser complementada cun acompañamento do estudante máis alá, ata abranguer os seus primeiros anos de egresado.
- Innovación educativa e divulgación científica. Ademais de dotar de contido ao Campus da Auga, o que supón dar pasos en firme e con vocación de futuro no proceso de especialización do Campus, é necesario, en paralelo, visibilizar o traballo docente e investigador que se fai e se fará no marco do Campus da Auga. Para iso propónse crear unha convocatoria de premios de investigación a TFG, TFM e teses de doutoramento, ademais de premiar puntualmente a produción científica e de transferencia en materias relacionadas coa auga.
- Para levar a cabo estas accións requírese dotar o Campus da Auga dunha unidade técnica composta de persoal de apoio nos procesos de elaboración de proxectos, captación de fondos,

deseño das estratexias e actividades referidas.

- Edificio Campus da Auga: unha vez rematado a redacción do proxecto básico e proxecto de execución e de dirección de obra o seguinte paso será sacar a concurso a licitación da obra para poder comezar a construción do edificio no ano 2016. A execución da obras terá carácter plurianual conforme o planeamento conveniado coa Xunta de Galicia.

O Campus Crea eixo estará centrado na progresiva consolidación do proxecto de especialización CREA S2i -social and sustainable innovation- do campus de Pontevedra que foi presentado o 3 de decembro de 2015. Trátase de aumentar progresivamente o seu coñecemento a nivel interno e externo a través dunha serie de medidas. Terá una gran reflexo na parte cultural con diversas accións de difusión do mesmo e que axudan a que o campus estea máis presente na súa contorna. Irán da man a área de extensión cultural da vicerreitoría coa área de cultura do Comité de Dirección Técnica do Campus CREA. Tamén accións de difusión da investigación e de emprendemento.

O Vigo Tecnolóxico, pola súa banda, comeza a materializarse en iniciativas coma a desenvolvida coa Zona Franca e o Consorcio Aeronáutico Galego, sendo axente activo na aposta por diversificar a industria de transporte e materiais (naval, automoción...) da Comunidade Autónoma.

O segundo son os Centros de Apoio á Investigación: CACTI, ECIMAT, CITI, CINBIO e MTI. Nestes centros, tamén con diferentes niveis de materialización, a aposta é o mantemento das infraestruturas centralizadas (ou a súa consecución, coma no MTI) e a optimización dos servizos prestados á comunidade investigadora e ás empresas.

De modo específico, ademais, preséntanse os seguintes obxectivos para o ano próximo:

- Elaboración dun catálogo de infraestruturas científico-técnicas centralizadas de investigación, que facilite a oferta optimizada e coordinada de servizos
- Dotación de ferramentas administrativas e financeiras apropiadas para a promoción da actividade dos centros e a mellora na captación de recursos
- Mantemento das certificacións de calidade (ISO 9001) xa existentes (CACTI e ECIMAT) e das acreditacións (experimentación animal na ECIMAT)
- Acreditación e posta en funcionamento do Servizo de Bioexperimentación da Universidade de Vigo
- Participación da ECIMAT no European Marine Biological Resource Centre (EMBRC)
- Continuación do equipamento e posta en uso do Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI)
- Traslado e posta en funcionamento do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) unha vez rematada a súa construción

O terceiro e último fenómeno de agregación e especialización son as Agrupacións estratéxicas de Investigación: AEO-ECIMAT, INBIOMED, AtlantTIC, CIA, ECOBAS, esta última de moi recente consecución.

O obxectivo para as agrupacións estratéxicas é continuar co seu financiamento estrutural. No que toca ao financiamento das catro primeiras, no ano 2016 agardamos a prórroga do convenio

actualmente vixente ata xuño 2016, namentres non se publique unha nova convocatoria para o financiamento de centros de investigación do SUG.

### *G. Divulgación da oferta educativa*

Ademais das accións de divulgación e presentación da universidade descritas na liña básica de internacionalización, continuarase coas políticas de achegamento aos/as posíbeis estudantes. En concreto:

- Accións para captar ao estudiantado de excelencia académica no bacharelato e na selectividade.
- Actividades (online e presenciais) con orientadores dos centros de secundaria e bacharelato (xestionado o seu recoñecemento pola Xunta de Galicia). Traeranse representantes da CRUE-acceso para informar sobre as novidades das novas probas e protocolos de acceso á universidade.
- Elaboración e implementación dun programa de visitas aos centros de secundaria:
  - Charlas temáticas (divulgativas) de grupos de investigación
  - Incorporación de estudantes e Erasmus/ISEP (voluntarios) ás visitas
  - Integración dos actuais premios de excelencia académica
- Asistencia a feiras (material promocional, vídeo institucional...)

### *H. Infraestruturas*

As actuacións en execución ou previstas para 2016, polo que fai ás infraestruturas, son as seguintes:

#### *H.1.- Infraestruturas científicas*

- Unha vez rematado e equipado o Centro de Investigación Biomédica (CINBIO), nos primeiros meses do 2016 procederase a súa posta en marcha co traslado dos grupos de investigación ao mesmo. Con este proxecto, a Universidade de Vigo pretende tomar a iniciativa no sector da investigación biomédica, tanto básica como aplicada.

No edificio CINBIO executouse no 2015 un laboratorio de contención biolóxica BSL3, único no noroeste da Península Ibérica. No 2016 procederase a súa acreditación e posta en servizo.

- Con posterioridade á realización do proxecto para o novo Centro de Apoio á Investigación (CACTI), adquiriuse novo equipamento científico de investigación no campo da espectrometría, o que fixo preciso abordar un proxecto de ampliación do edificio para albergar estes novos equipamentos. O proxecto básico xa foi realizado, e nos primeiros meses do 2016 farase o proxecto de execución, para a continuación licitar as obras.

Unha vez rematado e equipado o Centro de Apoio á Investigación (CACTI) nos primeiros meses do

2016 procederáse a posta en funcionamento do novo edificio que albergará os Servizos de Determinación Estrutural, Proteómica e Xenómica, Nanotecnoloxía e Análise de Superficies, Microscopía Electrónica, Seguridade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible, Detección Remota, Taller Electrónico e Taller de Mecanizado. Con esta construción, ampliáronse as superficies e melloráronse as condicións das que dispoñen estes servizos, redundando nunha mellora da calidade dos mesmos.

- Unha vez finalizada a construción do Centro de Investigación Tecnolóxico industrial (MTI) durante o 2015 realizáronse obras e equipamento para adaptalo ás necesidades dos grupos de investigación que teñen asignados espazos nel. No 2016 continuarán estas tarefas e trasladaranse ao módulo os primeiros grupos.
- No 2015 licitouse a Realización do proxecto Construtivo do Edificio do Campus da Auga, no Campus de Ourense. Este edificio pretende dar soporte físico ás cadeas de investigación vinculadas coa investigación no campo da auga. No ano 2016 licitarase a construción do mesmo, estando previsto comezar as obras a mediados do ano.

## *H.2.- Infraestruturas docentes e de servizos*

Coma ven ocorrendo nos últimos anos, nun contexto de redución orzamentaria severa como o que vivimos, en especial no Capítulo VI Investimentos Reais, as prioridades neste epígrafe teñen que ser as aplicacións dedicadas a Reformas e Mantemento.

Durante deste ano 2015 seguíronse realizando en todos os edificios dos tres campus as tarefas necesarias para conseguir un adecuado mantemento e para solucionar todas as incidencias que tiveron lugar.

Ao longo do exercicio 2016, están previstas as seguintes actuacións:

- Primeira fase de cambio de cuberta da Facultade de Química.
- Adaptación de espazos no antigo edificio do CACTI para servizos administrativos
- Substitución das climatizadoras da Facultade de Económicas que finalizaron a súa vida útil.
- Remate da tramitación no Concello de Ourense dunha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana que clasifique a parcela que ocupa o parque ambiental como espazo verde. Esta modificación ten por obxecto, ademais, fixar as condicións que permitan un axeitado planeamento do futuro crecemento do campus, determinando, entre outras cuestións, a reserva de solo para uso residencial, docente, investigación e servizos.
- Realización dun proxecto construtivo para dotar dun ximnasio a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra.
- Realización do proxecto construtivo para a ampliación da Facultade de Fisioterapia.
- Realización do proxecto construtivo e execución dunha primeira fase de substitución de cubertas no edificio Miralles.
- Acondicionamento de fachada na Escola de Enxeñaría Industrial mediante a execución dunha pel exterior que mellore o illamento térmico e diminúa as perdas de calor.

- Continuación das obras de humanización do Campus de Pontevedra, na liña do definido polo Campus Verde (Green Campus) que, actuando sobre o conxunto do Campus, mellorarán os vieiros, os espazos de aparcamento, as zonas verdes, a modificación das caldeiras ao uso do gas natural e as instalacións de iluminación. A recente concesión da bandeira verde para o conxunto do Campus, única en España, será revalidada con novas iniciativas.
- Aínda que prevista para o exercicio 2015, finalmente por retrasos na tramitación do expediente de contratación non se puido acometer a obra do segundo soto do edificio xurídico-empresarial no Campus de Ourense. Consecuentemente, nesta anualidade abordarase a primeira fase de adecuación do segundo soto do edificio xurídico-empresarial. Darase así cumprimento ás necesidades derivadas do edificio da Biblioteca e da Escola Infantil.
- Renovación das escaleiras de emerxencia do edificio xurídico-empresarial e mellora das fachadas. O mal estado dos catro módulos de escaleiras de emerxencia deste edificio aconsellan unha intervención de mellora e reparación das mesmas. Propómonos, para 2016, a intervención en dous dos catro módulos, en concreto os que ocupan a fachada frontal do edificio, un deles correspondente a parte da Facultade de Dereito e outro á parte da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.
- Tratamento do illamento térmico dos edificios dos centros do Campus de Ourense. As temperaturas extremas, tanto en inverno como en verán, constitúen un problema importante que hai que abordar de xeito integral. Proponse para o edificio de ferro a instalación dun xardín vertical.
- Reparación na cuberta do pavillón de estudantes de Ourense ante os problemas de filtración detectados por deficiencias no cano de recollida de augas pluviais.
- Obra de recuperación do invernadoiro do Campus de Ourense para dar servizo fundamentalmente á Facultade de Ciencias.
- Mellora do perímetro do Campus Sur no Campus de Ourense.
- Mellora sinalética do campus de Ourense.
- Acondicionamento dun espazo destinado ao parque móbil no Campus de Vigo.
- No 2015 realizouse o pintado dos viais, e no 2016 continuarase a súa mellora e a renovación da sinalética no Campus de Vigo.
- Realización do proxecto construtivo e comezo da execución dos Edificios do Berbés, en Vigo, unha vez que se asine o convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que garanta os recursos precisos.

### *H.3.- Infraestruturas informáticas e bibliográficas*

Nos servizos informáticos, durante o ano 2016 preténdense mellorar a xestión das identidades dos usuarios, avanzar na implantación de solucións de administración electrónica e homoxeneizar tanto os servizos de atención aos usuarios/as coma a infraestrutura tecnolóxica que soporta os servizos que ofrece a ATIC.

Dentro destas liñas pódense enumerar os seguintes proxectos:

- Instalación de contas de Directorio Activo e almacenamento en carpetas complicacións para PAS de toda a Universidade.
- Impulso da xestión centralizada de identidades coa integración da secretaría virtual no sistema de identificación centralizado.
- Implantación dunha ferramenta de “HelpDesk” para a atención aos usuarios e revisión dos procedementos relacionados.
- Conexión do sistema de facturación electrónica e da aplicación de pedidos co xestor documental.
- Renovación parcial dos servidores do CPD.

No que toca á Biblioteca Universitaria, cara ao ano 2016, a súa actuación vaise desenvolver nos eidos habituais: acrecentamento e mantemento das coleccións bibliográficas impresas e dixitais, prestación dos servizos bibliotecarios, mantemento e mellora dos sistemas de xestión da calidade e de xestión ambiental, e participación en contornas cooperativas (Consortio Bugalicia, REBIUN...).

No eido das coleccións bibliográficas dixitais, cómpre salientar que ao longo do ano vaise impulsar o melloramento das coleccións de libros electrónicos (e-books) como complemento á colección de revistas-e formada en boa parte grazas á contratación conxunta de títulos no marco do SUG a través do Consortio Bugalicia.

### *I. Investigación e transferencia de coñecemento*

Verbo das políticas de investigación e transferencia, conta á parte dos xa tratados no apartado V políticas de agregación e especialización, as principais iniciativas serán as seguintes:

#### *I.1.- Programa de axudas á investigación*

- Axudas estruturais a grupos de investigación, especificamente destinadas a incentivar o aumento da masa crítica e a excelencia dos grupos, e á mellora da súa competitividade en convocatorias de ámbito autonómico, nacional e internacional
- Financiamento de actividades de difusión dos resultados de investigación e da creación artística, a través da organización de congresos e reunións científicas e de exposicións, cunha especial referencia á calidade demostrable e á repercusión internacional das actividades propostas
- Apoio á formación do persoal investigador, tanto no que respecta a contratos para a realización dos estudos de doutoramento como a actividades de mobilidade (participación en congresos, estadías)
- Bolsas de formación nos Centros de Apoio á Investigación para estudantes de posgrao



### *I.2.- Programas específicos para a promoción da transferencia de coñecemento*

- Fondo de protección e valorización da Universidade de Vigo: ten como finalidade protexer e poñer en valor os resultados innovadores da I+D da universidade con potencial de mercado, para que poidan ser transferidos á sociedade mediante acordos de colaboración, ou de licenciamento, ou mediante a creación de novas empresas baseadas no coñecemento
- Apoio específico ao financiamento dos gastos de instalación das EBTs da Universidade de Vigo

### *I.3.- Apoio centralizado ás actividades de investigación e transferencia*

- Organización e optimización do apoio administrativo e técnico ao persoal investigador, no desenvolvemento e xestión das actividades de investigación e transferencia: remodelación da páxina web e introdución de ferramentas de apoio en liña, clarificación dos procedementos, mellora nos canles de comunicación
- Fomento e apoio no desenvolvemento de Proxectos competitivos de ámbito nacional e internacional
- Contratación de xestores de innovación, especializados en cada ámbito de coñecemento, que darán apoio ao persoal investigador na identificación de oportunidades de financiamento e a preparación de propostas, así como na elaboración de plans de transferencia adaptados ás súas capacidades
- Contratación de tecnólogos, para apoio nos servizos xerais de investigación e aulas especiais existentes
- Actualización do mapa de capacidades de investigación e transferencia, elaboración dunha ferramenta de consulta e visibilización en liña da oferta tecnolóxica da Universidade
- Definición, estruturación e promoción de novas agrupacións estratéxicas de investigación e cadeas de investigación en sectores con potencial de desenvolvemento, como son o ámbito Xurídico, as Humanidades, o eido transversal Medio ambiente, o eido Industria-Enerxía
- Apoio á internacionalización da investigación, mediante a promoción da participación en redes internacionais ou outras actividades que poidan mellorar o acceso do persoal investigador a fontes de financiamento internacionais

### *I.4.- Outros programas propios de promoción da investigación*

- Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo
- Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara á intensificación investigadora do profesorado axudante doutor
- Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo
- Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal investigador seleccionado nas

convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC)

#### *I.5.- Producción de investigación e Producción de transferencia*

- No ano 2016 avaliarase a Producción de Investigación do ano 2015 e pagarase a produción, xa avaliada, do ano 2014
- No ano 2016 avaliarase a Producción de Transferencia do ano 2015 e pagarase a produción, xa avaliada, do ano 2014

#### *I.6.- Proxectos, Contratos e axudas externas á investigación (Axudas finalistas)*

- Actividades de investigación procedentes de proxectos competitivos en convocatorias autonómicas, nacionais e internacionais
- Bolsas e axudas externas para persoal investigador
- Amortización de préstamos a longo prazo
- Contratos de investigación
- Outros compromisos

#### *I.7.- Servizo de publicacións*

Organización e definición das actividades e procedementos relacionados coa publicación de libros, monografías e revistas pola Universidade de Vigo. Prestarase especial atención a garantir a calidade das publicacións, mediante o apoio de paneis de expertos de recoñecido prestixio. No que respecta ás revistas, traballárase no recoñecemento das mesmas en bases de datos internacionais. Así mesmo, potenciarase a publicación en formato dixital e en acceso libre, dentro do posible, e levaranse a cabo accións de difusión das actividades realizadas co obxecto de contribuír á visibilidade nacional e internacional da Universidade de Vigo.

#### *J. Transparencia e Responsabilidade social universitaria*

A RSU incorporouse, de xeito formal, á Universidade de Vigo dende a redacción da primeira memoria no ano 2011, aínda que as políticas de RSU son inherentes á institución dende o seu nacemento hai xa 25 anos.

Para o ano 2016, os obxectivos en termos de RSU son os de aproveitar a experiencia das memorias realizadas para trazar a evolución nos diferentes campos nos últimos cinco anos, e poder medir a consecución de obxectivos. Toda esta información será incorporada gradualmente á web da universidade, dentro dun proxecto de maior alcance que é o portal de transparencia.

Este portal, xa existente, converterase na principal ferramenta para o cumprimento da Lei de transparencia e bo goberno, así como para a nova lexislación autonómica neste ámbito; sen embargo,

o portal aspira a un nivel de información moi superior ao esixido pola lei, e permitirá ao longo de 2016 situar á nosa institución na vangarda da información de libre acceso ou open data coma administración pública.

### *K. Extensión universitaria: actividades culturais e deportivas*

Os principais obxectivos no ámbito de extensión universitaria son os seguintes:

- Mellora da accesibilidade e da visibilidade internacional da información ofrecida pola Universidade de Vigo dirixida ao estudiantado con necesidades educativas específicas, especialmente ao estudiantado con discapacidade.
- Incremento da participación da Universidade de Vigo en proxectos de cooperación ao desenvolvemento, en colaboración coas entidades do cuarto sector presentes na nosa contorna.
- Reforzo dos programas de voluntariado.
- Reforzo dos programas vencellados á responsabilidade social universitaria do apartado anterior: programa de maiores, programa de atención aos estudantes con necesidades educativas especiais, programa de orientación ao estudiantado, e as bolsas de residencia, de transporte e de comedor.
- Semana da Creatividade e a Innovación do 18 ao 22 de abril no Campus de Pontevedra, que servirá para visualizar os proxectos de investigación que se están a realizar no Campus.
- Continuidade dos ciclos de cine no mesmo Campus, así como a primeira edición do Festival Novos Cinemas cun espazo CREA S2i –social and sustainable innovation- de formación e difusión para estudantes e novos creadores. Este é un dos primeiros exemplos de colaboración interinstitucional co Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra que se pretende ampliar.
- Outra das actividades que conta co apoio destas institucións é a feira de emprendemento Pont-Up Store que ven crescendo exponencialmente nos seus dous anos de vida e pola que se apostará como unha das actividades principais do campus de Pontevedra.
- Torneo de baloncesto 3x3, no Campus de Ourense. O obxectivo é levar a universidade ao centro da cidade, contando co patrocinio de empresas de produción de auga.
- Tamén vinculado ao Campus da Auga, desenvolvemento de programas deportivos acuáticos no Campus de Ourense. Impulsaranse actividades como o remo.
- Programa de música UNISON: novo programa musical do Campus de Ourense.
- Foto Aqua: programa a desenvolver no outono en Ourense, con exposicións, instalacións e intervencións fotográficas, vídeo, tendo a auga como elemento de referencia.
- Posta en marcha dun horto universitario no Campus de Vigo.
- Mantemento dos programas de extensión universitaria: cursos de extensión e obradoiros; espectáculos de teatro e música; coro universitario; concursos de fotografía, música, tradución

e creación literaria; e actividades singulares como o Concerto de Nadal e a Semana de Cinema Submarino.

- Mellora da accesibilidade no Campus de Vigo: estudo da accesibilidade para persoas con mobilidade reducida e con discapacidades visuais, implantación de accións de mellora nos accesos, e mellora da sinalización.
- Mantemento do enfoque da actividade deportiva como elemento central para a consolidación dun estilo de vida saudable. Posta en marcha do proxecto “Uvigo Activa e Saudable”.
- Reforzo da contribución ás estratexias de internacionalización: proxectos Erasmus +, participación en ENAS, programa Erasmus Prácticas.
- Recoñecemento do valor académico do deporte: programa outdoorcampus e programa de créditos por participación en actividades deportivas.

## II. Previsión orzamentaria de ingresos

De acordo coas previsións de ingresos e co escenario xa comentado no apartado anterior, e coa experiencia de anteriores exercicios na previsión dos ingresos da institución, estimamos para o exercicio 2016 un orzamento de ingresos por valor de 160.586.524€.

Esta contía supón un valor inferior ao do exercicio anterior, cun 2,79%; xustificamos esta previsión nas estimacións realizadas verbo do novo Plan de Financiamento das Universidades do SUG, da finalización das axudas de investigación coma son os proxectos BIOCAPS, TACTICA e CINBIO, entre outros, e da actual execución do orzamento de ingresos de 2015. O novo programa Horizonte 2020 da Unión Europea está nos seus inicios e as novas axudas están en fase de convocatoria, o que explica a baixada na consecución de recursos externos para o ano 2016.

O gráfico nº 2 representa a evolución dos orzamentos na Universidade de Vigo dende 2005 ata a actualidade.




Gráfico nº2. Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2005-2016.

A distribución do ingreso por capítulos e a comparación co exercicio precedente recóllese na táboa nº8. Nesta estrutura de ingresos salientamos o considerable incremento das transferencias de capital (12,87%) debido a xestión interna dun maior número de contratos de investigación (artigo 83 da L.O.U.) e a diminución dos os activos financeiros (-74,60%), consecuencia de que na previsión de execución en 2015 estaban incluídos proxectos captados en anualidades anteriores (Cinbio, Biocaps, Táctica, Infraestrutura Científica...), feito que non se repite no exercicio 2016 dada a recente apertura do programa Horizonte 2020, como se ven de indicar anteriormente.


CAPÍTULO	2015	2016	% 16/15
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.146.500	16.626.500	2,97%
IV Transferencias correntes	111.467.500	116.500.524	4,52%
V Ingresos patrimoniais	341.000	336.000	-1,47%
Ingresos correntes	127.955.000	133.463.024	4,30%
VII Transferencias de capital	20.193.000	22.791.000	12,87%
VIII Variación de activos financeiros	17.055.557	4.332.500	-74,60%
IX Variación de pasivos financeiros	0	0	0,00%
Ingresos de capital	37.248.557	27.123.500	-27,18%
TOTAIS	165.203.557	160.586.524	-2,79%

Táboa n.º9. Comparación do Orzamento de Ingresos 2016/2015.

No que toca á distribución por capítulos de ingreso, no capítulo terceiro de taxas, prezos públicos e outros ingresos, agárdase un lixeiro aumento do 2,97% sobre o exercicio anterior.

O reparto porcentual dos capítulos de ingreso verbo do total do orzamento preséntase no gráfico n.º 3. Aquí podemos apreciar como no capítulo cuarto, de transferencias correntes, concéntrase a meirande parte dos ingresos. Dentro deste capítulo, como se comenta na análise no novo PFUG, o reparto dos fondos para o período 2016-2020 realizarase en base a indicadores obxectivos. En todo caso, o seu peso pasa a representar un 72,55% do total dos ingresos, fronte ao 67,47% do exercicio pasado, por mor da diminución noutros capítulos de ingreso.

Gráfico n.º3. Composición do Ingreso por Capítulos.



A evolución do peso porcentual no conxunto dos ingresos de cada capítulo e a comparación co exercicio precedente ofrécese na táboa n.º 10.



CAPÍTULO	2015	2016	EVOLUCIÓN
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	9,77%	10,35%	▲
IV Transferencias correntes	67,47%	72,55%	▲
V Ingresos patrimoniais	0,21%	0,21%	◀▶
VII Transferencias de capital	12,22%	14,19%	▲
VIII Variación de activos financeiros	10,32%	2,70%	▼

Táboa nº10. Comparación da participación dos principais capítulos de ingreso nos orzamentos 2016 e 2015.

O resultado final do orzamento de ingresos, como combinación dos ingresos correntes e de capital, acada unha contía de 160.586.524, inferior nun 2,79% ao valor do exercicio anterior.

### II.1. Criterios de Previsión.

A estimación dos ingresos para o exercicio 2016, que como en anos anteriores atende a criterios de prudencia valorativa e de achegamento á realidade, detallase na táboa nº 11 :

Estimación Ingresos para o Exercicio 2016			
<b>Capítulo III Taxas, prezos públicos e outros ingresos</b>			
31		Prezos públicos	15.367.000 €
	310	Dereitos de matrícula en cursos e seminarios	210.000 €
	311	Cotas de instalacións deportivas e outros espazos	285.000 €
	313	Dereitos de matrícula e servizos académicos	14.850.000 €
	319	Outros prezos públicos	22.000 €
32		Outros ingresos procedentes	1.255.000 €
	327	Servizos prestados por actividades investigadoras	580.000 €
	328	Dereitos de Custes indirectos	675.000 €
33		Venda de bens	4.500 €
	330	Venda de publicacións propias	4.500 €
<b>Total Capítulo III</b>			<b>16.626.500 €</b>
<b>Capítulo IV. Transferencias correntes</b>			
40		Da Administración do Estado	3.623.070 €
	400	Do MEC	3.623.070 €
41		De Organismos Autónomos Administrativos	130.000 €
	410	De Organismos Autónomos Administrativos	130.000 €
45		Da Comunidade Autónoma	108.611.508 €
	450	Da Xunta	108.611.508 €
	450.00	Financiamento Estructural	84.279.598 €
	450.01	Financiamento por Resultados	19.390.740 €
	450.03	Prazas Vinculadas e Persoal de Investigación	3.323.670 €
	450.09	Outras Subvencións	1.617.500 €
46		De corporacións locais	377.000 €
	460	De Concellos	68.000 €
	461	De Deputacións	309.000 €
47		De empresas privadas	1.040.000 €

	470	De empresas privadas	1.040.000 €
48		De familias e institucións sen animo de lucro	200.000 €
	481	De familias e institucións sen animo de lucro	200.000 €
49		Axudas do Exterior	2.518.946 €
	492	Outras transferencias da Unión Europea	2.518.946 €
<b>Total Capítulo IV</b>			<b>116.500.524 €</b>
<b>Capítulo V. Ingresos Patrimoniais</b>			
52		Xuros de depósitos	250.000 €
	520	Xuros de contas bancarias	250.000 €
54		Rendas de bens inmobles	56.000 €
	540	Alugueiros de locais	56.000 €
55		Produtos de concesións administrativas	30.000 €
	550	Produtos de concesións administrativas	30.000 €
<b>Total Capítulo V</b>			<b>336.000 €</b>
<b>Capítulo VII. Transferencias de Capital</b>			
70		Da Administración do Estado	6.090.000 €
	700	De Ministerios	6.090.000 €
75		Da Comunidade Autónoma	9.621.000 €
	750	Da Xunta	9.621.000 €
	750.00	Financiamento Estrutural	2.000.000 €
	750.02	Proxectos de Investigación	4.095.000 €
	750.03	Infraestrutura de Investigación	3.086.000 €
	750.09	Outras Subvencións	440.000 €
77		De empresas privadas	6.750.000 €
	771	Contratos de investigación	6.750.000 €
78		De outros	330.000 €
	783	Outros organismos e outros	330.000 €
<b>Total Capítulo VII</b>			<b>22.791.000 €</b>
<b>Total Operacións Non Financeiras</b>			<b>156.254.024 €</b>
<b>Capítulo VIII. Variación de Activos Financeiros</b>			
87		Remanente de tesourería	4.332.500 €
	870	Remanentes de tesourería	4.332.500 €
<b>Total Capítulo VIII</b>			<b>4.332.500 €</b>
<b>Total Operacións Financeiras</b>			<b>4.332.500 €</b>
<b>TOTAL</b>			<b>160.586.524 €</b>

Táboa nº11. Estimación do Orzamento de Ingresos por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos

Os criterios empregados para facer esta estimación de ingresos foron os seguintes:

**Capítulo III –Prezos públicos:** Inclúe a estimación dos ingresos por dereitos de matrícula no curso académico 2016-2017, por servizos académicos e por cursos e seminarios, así como os ingresos derivados das escolas deportivas, cotas de acceso a instalacións, venda de publicacións e custos indirectos de actividades investigadoras. O seu importe total é de 16.626.500 €, o que implica un leve incremento das cifras sobre os ingresos consignados no orzamento de 2015.

A estimación dos diferentes conceptos de ingreso deste capítulo faise a partir das seguintes previsións:

- Concepto 310: Neste concepto figuran 210.000 euros como estimación dos ingresos a obter polos cursos e obradoiros de extensión universitaria.
- Concepto 311: Neste concepto figuran 285.000 euros como estimación dos ingresos a obter polas cotas de entrada ás instalacións, especialmente deportivas.
- Concepto 313: Neste concepto a previsión que se fai é de 14.850.000 €, o que supón un lixeiro incremento dos ingresos consignados no exercicio de 2015, que é o que fundamentalmente explica a subida neste capítulo. Trátase dunha previsión baseada nos datos de liquidación de taxas realizadas nos exercicios precedentes e na recadación acadada ata o momento no exercicio 2015.
- Concepto 327: Este concepto inclúe unha previsión dos ingresos estimados pola prestación de servizos asociados ás actividades investigadoras, é unha previsión de facturación do CACTI, da ECIMAT e do CITI. Neste exercicio agardamos unha pequena mellora neste apartado, pola continuación e incremento dos novos servizos postos en marcha no 2015, que consolidarán as melloras acadadas nos exercicios precedentes e no actual e a previsible apertura dos novos centros de investigación.
- Concepto 328: O importe consignado neste concepto inclúe os custos indirectos da facturación por servizos asociados e actividades investigadoras e de transferencia. Atendendo aos resultados acadados nos exercicios precedentes e á evolución do exercicio 2015 é unha previsión realista, dada o paso á xestión interna de tódolos contratos de investigación do artigo 83 da L.O.U.
- Concepto 330: Neste concepto inclúense os importes correspondentes á venda de publicacións propias, e se mantén a mesma previsión que para o 2015.

**Capítulo IV –Transferencias correntes:** Neste capítulo compútanse todos os ingresos de natureza corrente que a institución recibe, en xeral, dos diversos entes que integran o sector público estatal (Administración Xeral do Estado, os seus ministerios, organismos autónomos, empresas públicas), ademais dos procedentes da Xunta de Galicia, das corporacións locais e das empresas privadas.

Constitúen a fonte de ingresos máis importante do orzamento da Universidade de Vigo e o seu volume incrementábase un +4,52% (5.033.024€). Isto débese basicamente:

- a) Ao incremento da financiación procedente dos fondos de asignación competitiva do novo PFUG 2016-2020.
- b) Ao incremento das axudas recibidas da Unión Europea para proxectos internacionais de cooperación.
- c) Ao incremento da financiación asociada as prazas de persoal de programas de investigación.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

- Concepto 400: Inclúe as diversas transferencias procedentes do MEC para financiar os programas de investigadores contratados cos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, FPU, FPI e

outros investigadores posdoutorais, así coma os ingresos obtidos nas convocatorias para técnicos de I+D, técnicos en infraestruturas, e as Bolsas Madariaga e Castillejo. Son, daquela, ingresos finalistas que teñen consignados os respectivos créditos na correspondente aplicación de gasto do Capítulo I. Tamén se inclúen as aplicacións referidas ás axudas e programas de mobilidade de docentes, investigadores e estudantes, caso das relativas ao programa Erasmus, proporcionadas polo Estado.

No seu conxunto, estimamos para todas estas aplicacións un descenso do 15,37% con respecto ao exercicio precedente debido ao menor número de convocatorias e o remate dalgunhas convocatorias existentes.

- **Concepto 450:** inclúe as diversas transferencias correntes procedentes da Xunta de Galicia, xa comentadas no encabezamento do epígrafe. No seu conxunto estimamos un incremento dun 3,53% (3.699.008€). A distribución e a evolución varía verbo do exercicio precedente.
  - **Subconcepto 450.00:** Fondo Estrutural. Esta aplicación cambia respecto á do anterior plan de financiamento do SUG, e pasa a repartirse en base a indicadores obxectivos. Ademais inclúese nesta aplicación unha cantidade para a devolución da paga extra do persoal pendente de exercicios anteriores.
  - **Subconcepto 450.01:** Financiamento por Resultados. Cóntase cun gran incremento, verbo de 2015, debido a que no ano 2016 o plan incorpora máis fondos neste apartado e se inclúen conceptos que antes se repartían polo financiamento estrutural e fondos competitivos. Desaparece, por exemplo, o financiamento por mellora da calidade.
  - **Subconcepto 450.03:** Prazas vinculadas e persoal de investigación. Neste exercicio prevese un crecemento moi salientable nesta aplicación, produto dos resultados xa acadados nas diferentes convocatorias competitivas promovidas pola Xunta de Galicia.
  - **Subconcepto 450.09:** Outros ingresos. Incorpóranse as previsións de transferencias da Xunta de Galicia de perfil diverso. Nesta anualidade estímase un descenso considerable por mor da renovación dos convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades galegas para o financiamento das agrupacións estratéxicas de investigación unicamente ata o 30 de xuño de 2016. A partir de esa data espérase que o financiamento destas agrupacións se realice en base a convocatorias de concorrencia competitiva.
- **Conceptos 460 e 461:** Compútanse nestes epígrafes os ingresos por convenios co Concello de Pontevedra para financiar os Estudos Superiores de Deseño Têxtil e Moda e un convenio de Extensión Universitaria cunha aportación total estimada de 68.000€ coa Deputación de Ourense para financiar diversas actividades no Campus de Ourense, por un total estimado de 159.000 euros, algo inferior ao 2015, e un convenio coa Deputación de Pontevedra que achegará 150.000€ para bolsas da Oficina de Relacións Internacionais.
- **Concepto 470:** Neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes de empresas privadas. Recolle fundamentalmente as achegas do Banco de Santander, tanto para o Campus de Excelencia Internacional, Campus do Mar, como para outros programas e actividades da universidade. Destaca a consolidación do Programa Banco Santander CRUE-CEPYME, Santander Grao e Santander Fórmula.

- Concepto 492: Neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes da Unión Europea para os proxectos Green IT, Heems, Balkans e Cabo Verde.

**Capítulo V –Ingresos patrimoniais:** Contén, entre outras (caso do canon de explotación nas concesións –cafeterías e outros.- ou alugueiros), as previsións de ingresos por xuros de títulos e de contas bancarias, xerados polos investimentos a curto prazo dos excedentes de tesourería. Neste ano a previsión de ingresos por este concepto é de 336.000 €, un -1,47% menos ca o exercicio anterior debido aos baixos xuros bancarios e a minoración dos importes dispoñibles por mor da finalización dos proxectos finalistas: Cinbio, Táctica, Campus do Mar, Erasmus Mundus, Biocaps e outros.

**Capítulo VII –Transferencias de capital:** A maior parte das previsións de ingresos consignados neste capítulo teñen a súa orixe nas achegas por proxectos en concorrencia nos programas da UE, do MEC e da Xunta de Galicia, por ingresos incluídos dentro do Plan de Financiamento da Xunta 2016-2020 e por contratos con institucións e empresas. No seu conxunto agárdase un incremento salientable do 12,87% (+2.598.000€), sendo a aplicación que experimenta un maior incremento. Isto obedece, sobre todo, a previsión do incremento dos contratos de investigación, que se aumentarán notablemente ao pasar a xestionarse internamente na Universidade de Vigo tras a finalización do convenio de encomenda de xestión con FEUGA.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

- Concepto 700: Neste concepto compútanse as previsións de posibles ingresos competitivos con orixe na Administración do Estado. Contémplanse, por unha banda, as estimacións dos ingresos a obter polos proxectos obtidos en concorrencia polos grupos de investigación da Universidade de Vigo, e por outra as achegas obtidas en concorrencia competitiva para financiamento de infraestruturas institucionais.
- Concepto 750: Neste concepto compútanse as previsións de posibles ingresos por todas as transferencias de capital recibidas da Xunta de Galicia, e inclúen tanto os diferentes fondos recollidos no novo PFUG 2016-2020 coma as previsións de recursos a obter nas diversas convocatorias competitivas ás que concorren os grupos de investigación da Universidade. Distínguense os seguintes subconceptos:
  - Subconcepto 750.00: Financiamento Estrutural. É un dos apartados do PFUG 2016-2020 que, atendendo ao indicado no mesmo, conta cun importe similar ao do anterior plan.
  - Subconcepto 750.02: Proxectos de investigación. Neste subconcepto compútanse as previsións de ingresos en concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas convocatorias da Administración Autonómica. O ingreso, malia unha lixeira minoración, mantén un importe razoable grazas ao éxito que están a acadar os grupos de investigación da nosa institución.
  - Subconcepto 750.03: Infraestruturas de investigación. Neste subconcepto inclúese a colaboración da Xunta de Galicia no cofinanciamento dos anticipos reintegrables concedidos polo Ministerio. Nesta anualidade tamén se contempla a achega do exercicio 2016 correspondente ao convenio asinado coa Xunta da Galicia para a financiación da construción da nova sede do Campus da Auga de Ourense, o que fai incrementar a aplicación respecto ao 2015 en 1.846.000€.

- **Concepto 771: Contratos de investigación.** Neste concepto consígnanse os ingresos procedentes dos contratos de investigación (art. 83 da LOU) asinados polos grupos de investigación da Universidade de Vigo. O seu importe —6.750.000 €— supón un incremento do 40,63%€ sobre o previsto no pasado exercicio, produto da internalización da xestión de tódolos contratos na propia universidade. Esta asignación implica o mesmo incremento na aplicación de gastos correspondente.
- **Concepto 783: Outros organismos.** Neste concepto inclúense ingresos previstos doutros organismos.

**Capítulo VIII - Variación de activos financeiros:** Neste capítulo de ingresos, o único concepto 870 “Remanente de Tesourería” inclúe as estimacións dunha parte do remanente do exercicio 2015 que se pode destinar a financiar determinados gastos do exercicio 2016. O montante global da dotación correspóndese cos remanentes de crédito non gastados na execución das actividades do Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar, Proxecto Green IT e Proxecto Heems, así como o importe destinado á amortización de préstamos e anticipos reembolsables para infraestruturas de investigación.

Destacamos a diminución de preto dun 74,60% verbo do exercicio precedente, produto da finalización dos programas competitivos aos que concorre institucionalmente a universidade e que rematan, ao igual que o programa de financiación europeo.

Todos estes importes de ingresos teñen a súa contraaplicación no estado de gastos do orzamento 2016 da Universidade de Vigo, que se desenvolve a continuación.



### III. Orzamento de gastos

O conxunto dos capítulos de gasto por operacións correntes e de capital para o exercicio 2016, comparados co exercicio 2015, preséntanse na táboa nº12.

CAPÍTULO	2015	2016	% 16/15
I Persoal	89.190.380	95.040.900	6,56%
II Gastos correntes	31.238.015	28.014.935	-10,32%
III Gastos financeiros	375.000	375.000	0,00%
IV Transferencias correntes	5.943.850	6.275.250	5,58%
V Fondos de continxencias	360.000	300.000	-16,67%
Operacións correntes	127.107.245	130.006.085	2,28%
VI Investimentos reais	34.686.312	27.440.439	-20,89%
VIII Activos financeiros	160.000	140.000	-12,50%
IX Pasivos financeiros	3.250.000	3.000.000	-7,69%
Operacións de capital	38.096.312	30.580.439	-19,73%
<b>TOTAIS</b>	<b>165.203.557</b>	<b>160.586.524</b>	<b>-2,79%</b>

Táboa nº12. Comparación do orzamento de Gastos 2016/2015.

No capítulo I, de gastos de persoal, continuamos a ter a principal aplicación de gasto, cun 59,18%, do total do orzamento e un importe de 95.040.900 €. Esta cantidade é superior a orzamentada no 2015, que foi de 89.190.380€, cun 53,99% de peso no total.

A xustificación do cambio descrito está na varias causas. Axústase o importe orzamentado ao efectivamente gastado nos últimos exercicios, nos que o mantemento do emprego publico, o incremento vexetativo da masa salarial, a devolución da parte proporcional da paga extra pendente dende 2012 e o incremento da participación do persoal de convenios e programas no gasto imputado ao capítulo I, fixeron que o gasto efectivo se incrementara de xeito salientable.

Pódese afirmar que somos a Universidade Galega na que máis ten medrado o gasto en capítulo I nos últimos catro exercicios, pasando dos 88.865m€ liquidados no exercicio 2012 aos 93.397m€ que está previsto liquidar no exercicio 2015, un incremento dun 5,10% nos peores anos da crise, o que amosa o compromiso da universidade cos seus traballadores e co mantemento do emprego público.

O capítulo II, de gasto corrente, ten unha previsión de 28.014.935 €, experimentando unha baixa do 10,32%. A causa está no remate dos fondos de carácter finalista comentados anteriormente (proxectos europeos basicamente) e a continuación nas políticas de novas licitacións ou renegociación de contratos que proporcionan unha baixada de custos e unha maior eficiencia na xestión do gasto.

O capítulo III, de gasto financeiro, mantén o mesmo orzamento que no 2015, derivados do final do período de carencia do proxecto Campus do Mar e á necesidade de ter que facer fronte aos gastos financeiros polas devolucións das axudas non executadas.

O Capítulo IV, de transferencias correntes, presenta un incremento de 5,58%, acadando un valor de 6.275.250€. A explicación está no leve incremento das axudas do Ministerio para os proxectos de Relacións Internacionais (Erasmus e bolsas de mobilidade internacional). Polo que se refire aos

recursos propios, o esforzo da universidade mantense nas cifras do exercicio anterior.

O capítulo VI, de investimentos reais, acada unha contía de 27.440.439 €, cun descenso de -20,89% verbo de 2015, representando o 17,09% sobre o total do orzamento de gasto, valor inferior ao acadado no exercicio pasado. Como xa se ten comentado nos últimos exercicios, a política de investimentos está directamente ligada á consecución de fondos finalistas, para non comprometer o funcionamento ordinario da institución. Por este motivo, o descenso ven explicado pola finalización deste tipo de proxectos, coma os asociados a infraestrutura científica ou sectoriais como Biocaps, Cinbio ou Táctica.




Gráfico n.º4. Composición do Gasto por Capítulos.

O gráfico n.º4 recolle a distribución do gasto por capítulos verbo do total do gasto. Pódese apreciar coma o gasto de persoal continúa a ser o de maior participación no total cun 59,18%.

Pola súa parte, a táboa n.º13 presenta a evolución da participación dos capítulos de gasto sobre o total.

CAPÍTULO	2015	2016	EVOLUCIÓN
I Persoal	53,99%	59,18%	▲
II Gastos correntes	18,91%	17,45%	▼
III Gastos financeiros	0,23%	0,23%	◀▶
IV Transferencias correntes	3,60%	3,91%	▲
V Fondos de continxencias	0,22%	0,19%	▼
VI Investimentos reais	21,00%	17,09%	▼
VIII Activos financeiros	0,10%	0,09%	◀▶
IX Pasivos financeiros	1,97%	1,87%	▼

Táboa n.º13. Participación dos principais capítulos de gasto no orzamento

Se realizamos unha comparativa entre a evolución dos ingresos e a dos gastos nos orzamentos dos últimos anos, obtemos a táboa nº14.

CAPÍTULO	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Ingresos correntes	114.917.937	120.549.702	127.591.353	128.088.848	126.915.500	127.955.000	133.463.024
Operacións correntes	135.250.290	127.209.695	126.796.178	127.080.349	124.279.518	127.107.245	130.006.085
Saldo corrente	-20.332.353	-6.659.993	795.175	1.008.499	2.635.982	847.755	3.456.939
Ingresos de capital	61.082.383	47.354.151	35.378.392	35.127.504	32.739.619	37.248.557	27.123.500
Operacións de capital	40.750.030	40.694.158	36.173.567	36.136.003	35.375.601	38.096.312	30.580.439
Saldo de Capital	20.332.353	6.659.993	-795.175	-1.008.499	-2.635.982	-847.755	-3.456.939

Táboa nº14. Saldo corrente e saldo de capital dos orzamentos presentados

Evidentemente, o saldo corrente, que para a Universidade de Vigo ten signo positivo dende 2012, ten que corresponderse co saldo equivalente con signo negativo no saldo de capital. Máis en detalle, se comparamos graficamente a evolución de ingreso e gasto corrente, obtemos o gráfico nº5.




Gráfico nº5. Ingresos correntes vs gastos correntes orzamentos presentados (2009-2016)

En conclusión, a Universidade de Vigo presenta un orzamento inferior ao 2015 debido ao remate

dalgúns proxectos finalistas cuantitativamente importantes. O conxunto do gasto continúa a senda da contención, marcado pola mellora na xestión eficiente dos recursos ordinarios e pola adaptación ao inicio do novo PFUG 2016-2020, que garante a capacidade de funcionamento para o noso nivel de gasto, sendo na súa meirande parte é gasto no capítulo de persoal.

### III.1. Clasificacións do Orzamento de gastos

Os créditos do orzamento de gasto organízanse atendendo a tres clasificacións: a económica, a funcional ou por programas e a clasificación orgánica.

No referido á Estrutura Funcional mantense a clasificación establecida nos anteriores orzamentos segundo se recolle na Táboa nº15.

Cada programa funcional desenvólvese, cando é preciso, mediante subprogramas, atendendo ao que precisa cada centro de gasto. Unha novidade desta anualidade e a creación do subprograma que da cobertura as accións de captación de talento investigador.

Código	Denominación
111L	Docencia
121D	Apoio ao Alumnado e a Docencia
131H	Fomento e Desenvolvemento da Investigación
141B	Dotación de Fondos Bibliográficos
211E	Extensión Universitaria
311V	Dotación e Mantemento de Infraestruturas
421S	Goberno e Administración da Universidade

Táboa nº15 Estrutura Funcional e por Programas do Orzamento de Gastos

A evolución cuantitativa dos programas entre o exercicio 2016 e 2015 apréciase na Táboa nº16.

Programas	2015	2016	Variación %
111L. Docencia	4.306.937	4.246.342	-1,41%
121D. Apoio o Alumnado e a Docencia	5.541.350	6.685.099	20,64%
131H. Fomento e Desenvolvemento da Investigación	32.606.078	30.802.801	-5,53%
141B. Dotación Fondos Bibliográficos	2.639.000	2.620.000	-0,72%
211E. Extensión Universitaria	1.440.800	1.408.500	-2,24%
311V. Dotación e Mantemento Infraestruturas	20.128.800	11.526.644	-42,74%
421S. Goberno e Administración da Universidade	98.540.592	103.297.138	4,83%
TOTAL DE GASTOS	165.203.557	160.586.524	-2,79%

Táboa nº16. Orzamento de gastos por Programas

Os cambios máis significativos son:

- 121D. Apoio ao Alumnado e á Docencia, que presenta un gran incremento debido á centralización neste programa das bolsas, que no ano 2015 estaban repartidas polo resto de programas, tales como o 311V e o 421S.

- b) 131H. Fomento e Desenvolvemento da Investigación, que presenta unha lixeira redución por mor da finalización de proxectos como TACTICA e BIOCAPS, así coma unha redución das axudas da Xunta de Galicia ás Agrupacións Estratéxicas, entre outros.
- c) 141B. Dotación de Fondos Bibliográficos. Salientar o esforzo que está a realizar a universidade neste eido, xa que o programa amosa un resultado positivo pese a centralización dos custos das subministracións previamente soportadas directamente pola Biblioteca Universitaria.
- d) 211E. Extensión Universitaria, que amosa unha lixeira redución debido á minoración da aportación da Deputación de Ourense para as actividades de extensión universitaria.
- e) 311V. Dotación e Mantemento de Infraestruturas, que se reduce enormemente pola finalización das axudas ás infraestruturas de investigación tales coma o CINBIO, novo Cacti,.. e a non consecución de novas axudas polos motivos comentados anteriormente.
- f) 421S. Goberno e Administración da Universidade, que aumenta por mor do incremento da masa salarial para o exercicio 2016.

A Estrutura orgánica que se emprega no orzamento recóllese na táboa nº17. Con respecto ao exercicio 2015 inclúese a clasificación orgánica da nova Agrupación Estratéxica Ecobas:

Código	Denominación
0000	Reitoría/Xerencia
00CS	Consello Social
00EP	Vicerreitoría de Economía e Planificación
00EU	Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais
00PG	Escola Internacional de Doutoramento
00TG	Tribunal de Garantías
00VA	Vicerreitoría de Estudantes
00VI	Vicerreitoría de Investigación e Transferencia
OUR1	Vicerreitoría do Campus de Ourense
PON1	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
BUV1	Biblioteca Universitaria
OR11	Oficina de Relacións Internacionais
CAT1	Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación - CACTI
CIB1	Centro de Investigacións Biomédicas - CINBIO
CITI	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense -CITI
EMT1	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla -ECIMAT
MTI1	Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial - MTI
ATI1	Centro Singular de Investigación Atlántic
INB1	Agrupación Estratéxica para a Investigación en Biomedicina - INBIOMED
AEO1	Agrupación Estratéxica Oceanografía-ECIMAT – AEO-ECIMAT
CIA1	Agrupación Estratéxica Centro de Investigación Agroalimentaria - CIA
AEBA	Agrupación Estratéxica Economics and Business Administration for Society - ECO-BAS
00XX	Facultades e Escolas Universitarias

ALXX	Delegacións de estudantes
LLXX	Departamentos

Táboa nº17. Estrutura Clasificación orgánica do Orzamento de Gastos

Polo demais mantéñense os cambios introducidos nos anteriores exercicios para visibilizar outras novidades introducidas na xestión da institución: Escola Internacional de Doutoramento, Centros de Apoio a Investigación, Centros Singulares de Investigación, Agrupacións Estratéxicas, Delegacións de Estudantes e Vicerreitoría de Estudantes.

A clasificación económica dos créditos de gasto estrutúraos, atendendo a súa natureza, en capítulos, artigos, conceptos e subconceptos se fose o caso.

Capítulo	Denominación
1	Gastos de persoal
2	Gastos correntes en bens e servizos
3	Gastos financeiros
4	Transferencias correntes
5	Fondo de continxencia
6	Investimentos reais
8	Activos financeiros
9	Pasivos financeiros

Táboa nº18. Estrutura Económica do Orzamento de Gastos

Atendendo á clasificación Funcional e por Programas, pasamos a describir os obxectivos e principais contidos dos distintos programas, seguindo a súa desagregación en función da clasificación orgánica.

### III.2. 111L - Docencia

O programa de Docencia acada un valor de 4.246. m€, o que implica un decrecemento dun 1,41%. O motivo desta minoración está nunha variación do número de máster ofertados para o exercicio 2016.

Como en anos anteriores este importe inclúe as seguintes accións:

- a) Os importes destinados ao sostemento dos Centros, por valor de 2.739 m€. O incremento en relación ao 2015 ten unha relación directa coa redistribución dos aforros en consumos enerxéticos das escolas e facultades, establecidos na instrución de centralización dos gastos de subministración nos servizos centrais de cada campus.
- b) Os importes correspondentes aos Programas Oficiais de Posgrao, cunha contía total de 1.121 m€. A minoración neste apartado ven asociada a una redución dos cursos de posgrao que se van impartir no curso 15/16.
- c) A dotación do Título Propio de Têxtil e Moda, que acada os 335 m€.
- d) A dotación das delegacións de estudantes, dun importe de 49 m€ e que, por mor dos requisitos da contabilidade analítica, individualízanse a nivel de clasificación orgánica no orzamento.



O reparto detallado dos importes asociados aos Centros, aos Programas Oficiais de Posgrao, ás Delegacións de Alumnos e ao Título Propio de Têxtil e Moda amósanse no anexo II.

Clasificación orgánica: XXXX - Funcional: 111L						
Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
20			Arrendamentos			200
	209		Licencias e canons		200	
21			Reparación e conservación			1.096.113
	212		De edificios e outras construcións		486.625	
	213		De maquinaria, instalacións e ferramenta		524.988	
	214		De material de transporte		5.000	
	215		De mobiliario e equipamento		79.500	
22			Material, subministración e outros			2.211.847
	220		Material de oficina		260.359	
	221		Subministracións		557.863	
		221.01	De servizos administrativos	143.998		
		221.02	De docencia	413.865		
	222		Comunicacións		52.610	
	223		Transportes		97.121	
	226		Gastos diversos		1.108.286	
		226.01	Atencións protocolarias	97.618		
		226.02	Publicidade e propaganda	85.948		
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	683.027		
		226.09	Cotas de organismos	2.200		
		226.99	Outros gastos	239.493		
	227		Traballos realizados por outras empresas		135.608	
		227.06	Estudios e traballos técnicos	24.000		
		227.99	Outros	111.608		
23			Indemnización por razón de servizos			591.650
	230		Axudas de custo e locomoción		137.036	
	233		Outras indemnizacións		454.614	
			<b>Total capítulo II</b>			<b>3.899.810</b>
			Cap. IV. Transferencias correntes			
48			Familias e institucións sen fins de lucro			18.385
	482		Bolsas estudantes		18.385	
		482.11	Bolsas colaboradores	13.285		
		482.99	Outras bolsas para estudantes	5.100		
			<b>Total capítulo VI</b>			<b>18.385</b>
			Cap. VI. Inversións reais			
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			328.147
	625		Mobiliario e equipamento		328.147	
			<b>Total capítulo VI</b>			<b>328.147</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>4.246.342</b>

### III.3. 121D - Apoio ao Alumando e á Docencia

Este programa actualiza e reforza as liñas de traballo adoptadas pola universidade nos anteriores exercicios, malia a caída das achegas dos financiadores externos. Nesta anualidade acada -en conxunto-, a cifra de 6.686 m€, cun incremento dun 20,64% verbo do exercicio precedente. Os motivos deste alto incremento son o aumento das bolsas a estudantes e a decisión de centralizar neste programa de gasto as diferentes bolsas e axudas que anteriormente estaban descentralizadas en diferentes clasificacións orgánicas ou vicerreitorías. Deste xeito dáse cumprida información do total de bolsas que outorga a Universidade para o exercicio 2016.

Neste ano, ao igual que xa ocorrera no 2015, desagregase en tres clasificación orgánicas:

a) Reitoría/Xerencia, cun enorme incremento do 162,39%, asociado ao incremento das bolsas e a centralización neste programa de gasto das bolsas e axudas xestionadas a través do servizo correspondente. Salientar que maila diminución da financiación allea o esforzo da universidade neste eido.

Clasificación orgánica: 0000 Reitoría/Xerencia - Funcional: 121D						
Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			15.000
	227		Traballos realizados por outras empresas		15.000	
		227.99	Outros	15.000		
			<b>Total Capítulo II</b>			<b>15.000</b>
			Cap. IV. Transferencias correntes			
47			A empresas privadas			215.000
	470		Convenios entidades privadas		215.000	
		470.01	Subvención de transporte	215.000		
48			Familias e institucións sen fins de lucro			1.793.000
	482		Bolsas estudantes		1.793.000	
		482.01	Comedor	280.000		
		482.06	Integración de discapacitados	36.000		
		482.10	Bolsas mobilidade	50.000		
		482.11	Bolsas colaboradores/as	1.085.000		
		482.12	Excelencia Académica	22.000		
		482.15	Residencias	85.000		
		482.99	Outras Bolsas estudantes	235.000		
			<b>Total capítulo IV</b>			<b>2.008.000</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>2.023.000</b>

b) Oficina de Relacións Internacionais, que reflicte parte do éxito e da aposta da universidade pola internacionalización. A oficina, a maiores do seu propio subprograma, desenvolve a súa actividade a través dos subprogramas que se manteñen: Erasmus, ISEP, Jean Monnet e Erasmus Exterior. Salientamos a nova caída nas achegas finalistas do ministerio para a mobilidade internacional do alumnado.

Clasificación orgánica: ORI1 - Oficina de Relacións Internacionais - Funcional: 121D						
Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministración e outros			155.652
	220		Material de oficina		5.300	
	226		Gastos diversos		150.352	
		226.01	Atencións protocolarias	2.150		
		226.02	Publicidade e propaganda	5.000		
		226.09	Cotas de organismos	14.500		
		226.99	Outros gastos	128.702		
23			Indemnización por razón de servizos			181.360
	230		Axudas de custo e locomoción		181.360	
			<b>Total capítulo II</b>			<b>337.012</b>
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
48			Familias e institucións sen fins de lucro			476.500
	482		Bolsas estudantes		476.500	
		482.10	Bolsas para mobilidade	243.000		
		482.11	Bolsas colaboradores/as	25.000		
		482.99	Outras	208.500		
49			O exterior			862.500
	492		Bolsas de intercambio		862.500	
			<b>Total capítulo IV</b>			<b>1.339.000</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>1.676.012</b>

c) Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, que desenvolve a súa actividade a través dos subprogramas Erasmus Mundus Green It, Erasmus Mundus Tech Western Balkans, Proxecto Heems e o Proxecto Cabo Verde, que se individualizan por medio desta clasificación orgánica para poder levar a cabo unha contabilidade diferenciada de cada unha das actuacións. Para o ano 2016 o orzamento descende un 1,78% por mor da finalización no 2016 do proxecto Erasmus Mundus Green It.

Clasificación orgánica: 00EU. Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais - Funcional: 121D						
	Cto.	Subct.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministración e outros			2.986.087
	226		Gastos diversos		2.986.087	
		226.99	Outros gastos	2.986.087		
			<b>Total capítulo II</b>			<b>2.986.087</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>2.986.087</b>

#### III.4. 131H - Fomento e Desenvolvemento da Investigación

Como xa indicamos anteriormente, este programa en conxunto experimenta un descenso do 5,53%

verbo do exercicio precedente, fundamentalmente por mor da finalización do proxecto TACTICA, o que presenta un orzamento total para o ano 2016 de 30.803 m€.

Na desagregación do mesmo mantéñense todas as novidades incorporadas nos exercicios precedentes, en relación á visibilización dos cambios introducidos na xestión da universidade para achegala ás novas demandas dos membros da comunidade universitaria. En consecuencia, neste exercicio créase un novo subprograma funcional para apostar pola captación do talento investigador, no subprograma funcional 131TAL.

Por outra banda e ao igual que en 2015, mantense a aposta polos Campus de Excelencia Internacional, Campus do Mar, Campus da Auga e o Campus Crea, dotándoos dun orzamento para potenciar as súas actividades no eido investigador.

Tamén, Tal e coma se fixo no 2015 para facilitar a visibilidade da Cátedra Unesco en desenvolvemento litoral sustentable, dótaselle dun subprograma específico que dea soporte a súa actividade.

A desagregación da clasificación orgánica final do programa é a que sigue:

0000. Reitoría/Xerencia.

- 00PG. Escola Internacional de Doutoramento.
- 00VI. Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
- CAT1. Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación - CACTI.
III. No Capítulo III inclúense os xuros de demora na devolución das axudas non executadas, os xuros dos préstamos ou anticipos reintegrables, caso do de Excelencia Internacional - Campus do Mar e as comisións bancarias asociadas á operativa cos diferentes medios de pago. Tamén se inclúen aquí os gastos dos avais que no seu día esixiu a Administración do Estado para garantir os anticipos reintegrables que se concederon para financiar as infraestruturas científicas.

IV. O Capítulo IV de Transferencias Correntes tamén comprende neste exercicio parte das

accións que se desenvolvían vencelladas ao desenvolvemento dos programas de calidade da Universidade.

A maiores, nesta clasificación orgánica tamén se contempla a dotación do Fondo de Continxencia e a dotación da aplicación necesaria para manter a política de anticipos para o persoal. Finalmente indicar que, como en exercicios anteriores, este programa contén os seguintes subprogramas:

- Normalización Lingüística, cunha dotación de 95.600€.
- Igualdade de Xénero, cunha dotación de 82.000€.
- Prazas PDI e Prazas PAS, cunha dotación que acada os 50.000€ en conxunto.

Clasificación orgánica: 0000. Reitoría/Xerencia - Funcional: 421S						
Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo I. Gastos de persoal			
10			Altos cargos e delegados			247.000
	100		Altos cargos		247.000	
11			Persoal eventual			211.200
	110		Retribucións básicas		211.200	
12			Funcionariado			52.035.200
	120		Retribucións básicas		52.035.200	
13			Laborais			10.635.300
	130		Laborais fixos		7.766.900	
	131		Laborais eventuais		2.868.400	
14			Outro persoal			17.853.200
	140		Persoal docente e contratado		17.667.200	
		140.00	Contratados docentes	12.937.000		
		140.01	Profesorado visitante	184.600		
		140.02	Novas prazas e transformacións	360.000		
		140.05	Lectores	93.600		
		140.06	Persoal investigador subvencionado MEC	1.686.000		
		140.08	Persoal investigador subvencionado XUNTA	2.406.000		
	143		Outro persoal		186.000	
		143.01	Persoal técnico financiado subv. Pública	186.000		
15			Incentivos ao rendemento			766.000
	150		Produtividade PAS		765.000	
	151		Gratificacións funcionariado PAS		1.000	
16			Cotas prestación e gasto			13.293.000
	160		Cotas Seguridade Social		12.190.000	
	162		Gastos sociais do persoal		1.103.000	
		162.00	Cursos formación PAS	195.000		
		162.04	Plan de pensións	235.000		
		162.99	Outros gastos sociais	673.000		
			<b>Total capítulo I</b>			<b>95.040.900</b>
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros			5.383.073

	221		Subministracións		2.625.073	
		221.01	De servizos administrativos	2.625.073		
	222		Comunicacións		350.000	
	223		Transportes		15.000	
	224		Primas de seguros		166.000	
	225		Tributos		15.000	
	226		Gastos diversos		1.006.500	
		226.01	Atencións protocolarias	35.000		
		226.02	Publicidade e propaganda	200.000		
		226.03	Xurídico-contencioso	150.000		
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	253.000		
		226.09	Cotas de organismos	88.500		
		226.99	Outros gastos	280.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		1.205.500	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	415.500		
		227.99	Outros	790.000		
23			Indemnización por razón de servizos			161.600
	230		Axudas de custo e locomoción		119.600	
	233		Outras indemnizacións		42.000	
		233.04	Xunta persoal docente e investigador	1.000		
		233.05	Xunta persoal administración e servizos	1.000		
		233.06	Comités persoal administración e servizos	1.000		
		233.07	Comités persoal docente e investigador	1.000		
			<b>Total capítulo II</b>			<b>5.544.673</b>
			Capítulo III. Gastos financeiros			
35			Xuros de demora e outros gastos fin.			375.000
	352		Xuros de demora		150.000	
	359		Outros gastos financeiros		225.000	
			<b>Total capítulo III</b>			<b>375.000</b>
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
44			De sociedades mercantís estatais, entidades empresariais e outros organismos			120.000
	444		Convenios Entidades Publicas		120.000	
48			Familias e institucións sen fins de lucro			164.715
	482		Bolsas estudantes		27.000	
		482.11	Bolseiros colaboradores	27.000		
	484		Outras subvencións e transferencias		137.715	
		484.03	Subvención fundacións	120.200		
		484.99	Outras	17.515		
			<b>Total capítulo IV</b>			<b>284.715</b>
			Capítulo V. Fondo de Continxencia			
50			Fondo de Continxencia			300.000
	500		Fondo de Continxencia		300.000	
			<b>Total capítulo V</b>			<b>300.000</b>
			Capítulo VIII. Activos financeiros			
83			Concesión de préstamos fóra sector público		120.000	

	831		Préstamos a longo prazo		120.000	
			<b>Total capítulo VIII</b>			<b>120.000</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>101.665.288</b>

## d) 00VA Vicerreitoría de Estudantes.

Dende este programa da clasificación orgánica 00VA Vicerreitoría de Estudantes establécense parte das dotacións precisas para desenvolver a actividade da vicerreitoría, e en especial as accións referidas á captación de estudantes, á mellora no coñecemento das linguas e ao desenvolvemento da política de prácticas, emprego e emprendemento e para continuar co desenvolvemento do programa transfronteirizo EUREST, que no ano 2015 dependía da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

Clasificación orgánica: 00VA Vicerreitoría de Alumnos - Funcional: 421S						
Art.º	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministración e outros			45.500
	226		Gastos diversos		30.500	
		226.02	Publicidade e propaganda	2000		
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	11.500		
		226.99	Gastos diversos	17.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		15.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	10.000		
		227.99	Outros	5.000		
23			Indemnización por razón de servizos		9.000	
	230		Axudas de custo e locomoción		9.000	
			<b>Total capítulo II</b>			<b>54.500</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>54.500</b>

## e) OUR1 Vicerreitoría do Campus de Ourense.

Na clasificación orgánica OUR1 residen as achegas precisas para manter a política de goberno no Campus de Ourense. Mantén o mesmo orzamento que no 2015, agás en que as bolsas que se destinan ao campus de Ourense recóllense ao igual que as outras bolsas no programa 0000-121D.

Clasificación orgánica: OUR1. Vicerreitoría do Campus de Ourense - Funcional: 421S						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros			738.500
	220		Material de oficina		8.500	
	221		Subministracións		690.000	
		221.01	De servizos administrativos	690.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		40.000	
		227.99	Outros	40.000		

23			Indemnización por razón de servizos		500	
	230		Axudas de custo e locomoción		500	
			<b>Total capítulo II</b>			<b>739.000</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>739.000</b>

f) PON1 Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

Na clasificación orgánica PON1, figuran as achegas precisas para manter a política de goberno no Campus de Pontevedra e que tamén mantén o orzamento do 2015, xa que as bolsas tamén están centralizadas ao igual que ocorre co campus de Ourense.

Clasificación orgánica: PON1 Vicerreitoría do Campus de Pontevedra - Funcional: 421S						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap.II. Gastos correntes bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros		446.500	
	221		Subministracións		415.000	
		221.01	De servizos administrativos	415.000		
	226		Gastos diversos		11.500	
		226.99	Gastos diversos	11.500		
	227		Traballos realizados outras empresas		20.000	
		227.99	Outros	20.000		
			<b>Total capítulo II</b>			<b>446.500</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>446.500</b>

### III.9. Resumo Consolidado do Orzamento de Gastos

Por ultimo, preséntase o Resumo Xeral Consolidado do Orzamento de Gastos da Universidade de Vigo, para o exercicio 2016, segundo a clasificación económica do Gasto.

RESUMO XERAL CONSOLIDADO DO ORZAMENTO DE GASTOS SEGUNDO A CLASIFICACIÓN ECONOMICA						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo I. Gastos de persoal			
10			Altos cargos e delegados			247.000
	100		Altos cargos		247.000	
11			Persoal eventual			211.200
	110		Retribucións básicas		211.200	
12			Funcionarios			52.035.200
	120		Retribucións básicas		23.159.300	
	121		Retribucións complementarias		28.875.900	
13			Laborais			10.635.300
	130		Laborais fixos		7.766.900	
	131		Laborais eventuais		2.868.400	
14			Outro persoal			17.853.200
	140		Persoal docente e contratado		17.667.200	

		140.00	Contratados docentes	12.937.000		
		140.01	Profesorado visitante	184.600		
		140.02	Novas prazas e transformacións	360.000		
		140.06	Persoal investigador subvencionado – convocatorias MEC	93.600		
		140.05	Lectores	1.686.000		
		140.08	Persoal Investigador subvencionado – convocatorias Xunta	2.406.000		
	143		Outro persoal		186.000	
		143.01	Persoal técnico financiado con subvención pública	186.000		
15			Incentivos ao rendemento			766.000
	150		Produtividade PAS		765.000	
	151		Gratificacións do funcionariado PAS		1.000	
16			Cotas prestación e gastos sociais a cargo do empregador			13.293.000
	160		Cotas da Seguridade Social		12.190.000	
	162		Gastos sociais do persoal		1.103.000	
		162.00	Cursos de formación PAS	195.000		
		162.04	Plan de pensións	235.000		
		162.99	Outros gastos sociais	673.000		
			<b>Total Capítulo I</b>			<b>95.040.900</b>
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
20			Arrendamentos			391.200
	202		Arrendamentos edificios e outras construccions		132.000	
	209		Licencias e Canons		259.200	
21			Reparación e conservación			3.106.621
	212		De edificios e outras construcións		1.274.525	
	213		De maquinaria, instalacións e ferramenta		1.318.109	
	214		De material de transporte		55.000	
	215		De mobiliario e equipamento		458.987	
22			Material, subministracións e outros			23.139.270
	220		Material de oficina		472.802	
	221		Subministracións		5.752.038	
		221.01	De servizos administrativos	4.723.408		
		221.02	De docencia	435.180		
		221.23	Medios bibliográficos dixitais	593.450		
	222		Comunicacións		408.112	
	223		Transportes		264.221	
	224		Primas de seguros		167.500	
	225		Tributos		15.000	
	226		Gastos diversos		7.199.940	
		226.01	Atencións protocolarias	244.799		
		226.02	Publicidade e propaganda	339.948		
		226.03	Xurídico-contencioso	150.000		
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	1.325.972		
		226.09	Cotas de organismos	112.400		



		226.99	Outros gastos	5.026.821		
	227		Traballos realizados por outras empresas		8.859.658	
		227.00	Limpeza e aseo	4.258.200		
		227.01	Seguridade	745.000		
		227.06	Estudos e traballos técnicos	1.720.500		
		227.99	Outros	2.135.958		
23			Indemnización por razón de servizos			1.309.844
	230		Axudas de custo e locomoción		801.128	
	233		Outras indemnizacións		508.716	
		233.04	Xunta de persoal funcionario PDI	1.000		
		233.05	Xunta de persoal funcionario PAS	1.000		
		233.06	Comité PAS laboral	1.000		
		233.07	Comité PDI laboral	1.000		
24			Publicacións			68.000
	240		Edicións e publicacións		68.000	
			<b>Total Capítulo II</b>			<b>28.014.935</b>
			Capítulo III. Gastos financeiros			
35			Xuros de demora e outros gastos financeiros			375.000
	352		Xuros de demora		150.000	
	359		Outros gastos financeiros		225.000	
			<b>Total Capítulo III</b>			<b>375.000</b>
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
44			A sociéd. mercant.est.entid.sen fin de lucro etc.			1.858.000
	444		Convenios entidades públicas		1.858.000	
47			A empresas privadas			255.000
	470		Convenios entidades privadas		255.000	
48			Familias e institucións sen fins de lucro			3.299.750
	481		Bolsas formación investigadores e profesorado		533.500	
		481.01	Bolsas de viaxe	35.000		
		481.02	Bolsas para estadias	438.500		
		481.03	Bolsas estadias FPI	60.000		
	482		Bolsas estudantes		2.569.535	
		482.01	Bolsas Comedor	280.000		
		482.06	Bolsas integración discapacitados	36.000		
		482.10	Bolsas para mobilidade	323.000		
		482.11	Bolsas colaboradores/as	1.234.085		
		482.12	Bolsas excelencia académica	32.000		
		482.15	Bolsas de residencias	85.000		
		482.99	Outras	579.450		
	484		Outras subvencións e transferencias		196.715	
		484.01	Subvención asociación alumnado	2.000		
		484.03	Subvención fundacións	150.200		
		484.99	Outras	44.515		
49			O exterior			862.500
	492		Bolsas de intercambio		862.500	

			Total Capítulo IV			6.275.250
			Capítulo V. Fondo de Continxencia			
50			Fondo de Continxencia			300.000
	500		Fondo de Continxencia		300.000	
			Total capítulo V			300.000
			Capítulo VI. Investimentos reais			
62			Investimento asoc. funcionamento servizos			6.405.852
	622		Edificios e outras construcións		3.660.944	
	623		Maquinaria, instalacións e ferramentas		278.000	
	625		Mobiliario e equipamento		1.041.908	
	626		Equipamento docente dos laboratorios		800.000	
	628		OIM Biblioteca		625.000	
64			Gastos de investimento de carácter inmaterial			21.034.587
	641		Axuda xeral á investigación		3.260.087	
		641.01	Gastos de investigación dos departamentos	815.000		
		641.02	Axudas propias a investigación e a transferencia	2.345.087		
		641.05	Reunións científicas	100.000		
	644		Programa investimentos MEC		800.000	
	645		Programa investimentos XUNTA		4.400.500	
	646		Programas investimentos cofinanciados		5.415.000	
	647		Programas investimentos outros organismos		409.000	
	648		Contratos de investigación		6.750.000	
			Total Capítulo VI			27.440.439
			<b>TOTAL GASTO NON FINANCEIRO</b>			<b>157.446.524</b>
			Capítulo VIII. Activos financeiros			
83			Concesión de préstamos fóra do sector público			120.000
	831		Préstamos a longo prazo		120.000	
86			Adquisición de accións e participacións fora do sector público			20.000
	860		De empresas nacionais ou da Unión Europea		20.000	
			Total Capítulo VIII			140.000
			Capítulo IX . Pasivos financeiros			
91			Devolución de préstamos recibidos			3.000.000
	911		Devolución de préstamos longo prazo sector público		3.000.000	
			Total Capítulo IX			3.000.000
			<b>TOTAL GASTO POR OPERACIONES FINANCEIRAS</b>			<b>3.140.000</b>
			<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>160.586.524</b>

#### **IV. Normas de desenvolvemento do orzamento do Exercicio 2016**

As normas de desenvolvemento que acompañan ao orzamento teñen como obxectivo acadar a correcta xestión do orzamento, do patrimonio e da actividade económico-financiera da Universidade de Vigo.

A súa elaboración realízase ao abeiro do establecido na Lei clasificación orgánica 6/2001, de 21 decembro, de Universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo, e das normas que rexen a actividade económico-financiera do sector público galego e estatal.

#### **TÍTULO I. DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO E DAS SÚAS MODIFICACIÓNS.**

##### **Capítulo I. Créditos iniciais e financiamento.**

**Artigo 1.** Aprobación dos estados de ingresos e gastos da Universidade de Vigo.

O orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2016, integrado polos estados de gastos e ingresos, apróbase en equilibrio e cumprindo coa sustentabilidade financeira dentro do teito de gasto establecido polo Consello Social.

No estado de ingresos recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario e que por normativa orzamentaria suman o mesmo importe que as dotacións de crédito para gastar, que indican o importe máximo das obrigas que se poden recoñecer durante o exercicio.

**Artigo 2.** Clasificación das previsións de ingresos.

No exercicio 2016, nas aplicacións das previsións de ingresos, identifícase, por clasificación orgánica, todos aqueles ingresos que se refiran a actuacións nas que exista financiamento específico, e fundamentalmente cando existe financiamento europeo, para atender o requirimento legal de “realizar unha contabilidade diferenciada de cada unha das actuacións”.

Ao tempo múdase a codificación da clasificación económica para diferenciar os fondos europeos, entre outras cousas para facilitar a rendición de información á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

**Artigo 3.** Clasificación dos créditos do estado de gastos.

1. O estado de gastos confeccionarase aplicando unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo a acadar, unha clasificación orgánica que informa sobre o centro ou unidade da Universidade que realiza o gasto e unha clasificación económica que informa da natureza do mesmo.

2. Os créditos clasifícanse nos seguintes programas:

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>
111L	Docencia
121D	Apoio ao Alumnado e á Docencia
131H	Fomento e Desenvolvemento da Investigación

141B	Dotación de Fondos Bibliográficos
211E	Extensión Universitaria
311V	Dotación e Mantemento de Infraestruturas
421S	Goberno e Administración da Universidade

3. Os créditos clasifícanse organicamente nos seguintes centros de gasto:

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>
0000	Reitoría/Xerencia
00CS	Consello Social
00EP	Vicerreitoría de Economía e Planificación
00EU	Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais
00PG	Escola Internacional de Doutoramento
00TG	Tribunal de Garantías
00VA	Vicerreitoría de Estudantes
00VI	Vicerreitoría de Investigación e Transferencia
OUR1	Vicerreitoría do Campus de Ourense
PON1	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
BUV1	Biblioteca Universitaria
OR11	Oficina de Relacións Internacionais
CAT1	Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación - CACTI
CIB1	Centro de Investigacións Biomédicas - CINBIO
CITI	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense -CITI
EMT1	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla -ECIMAT
MTI1	Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial - MTI
ATI1	Agrupación Estratéxica AtlanTIC
INB1	Agrupación Estratéxica para a Investigación en Biomedicina - INBIOMED
AEO1	Agrupación Estratéxica Oceanografía-ECIMAT – AEO-ECIMAT
CIA1	Agrupación Estratéxica Centro de Investigación Agroalimentaria - CIA
AEBA	Agrupación Estratéxica Economics and Business Administration for Society - ECOBAS
00XX	Facultades e Escolas Universitarias
ALXX	Delegacións de alumnos
LLXX	Departamentos

4. Os créditos de gasto clasifícanse, atendendo a súa natureza, en capítulos, artigos, conceptos e subconceptos se fose o caso.

<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>
1	Gastos de persoal
2	Gastos correntes en bens e servizos
3	Gastos financeiros
4	Transferencias correntes
5	Fondo de continxencia

6	Investimentos reais
8	Activos financeiros
9	Pasivos financeiros

## Capítulo II. Modificación e execución de créditos orzamentarios.

### Artigo 4. Especialidade dos créditos.

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que se autorizaron ao aprobar o orzamento ou as correspondentes modificacións orzamentarias, respectando os principios de especialidade temporal, cualitativa e cuantitativa.

### Artigo 5. Vinculación dos créditos.

1. Os créditos autorizados teñen carácter vinculante e limitado a nivel de artigo agás:

a) No capítulo 1, os créditos destinados a incentivos ao rendemento (150 e 151) que terán carácter vinculante a nivel de concepto.

b) No capítulo 2, serán vinculantes os seguintes subconceptos:

- 226.01. Atencións protocolarias.
- 226.02. Publicidade e propaganda.
- 233.04. Outras indemnizacións por razóns de servizo para a Xunta de persoal docente e investigador.
- 233.05. Outras indemnizacións por razóns de servizo para a Xunta de persoal de administración e servizos.
- 233.06. Outras indemnizacións por razóns de servizo para os Comités de empresa de persoal de administración e servizos.
- 233.07. Outras indemnizacións por razóns de servizo para os Comités de empresa de persoal docente e investigador.

c) No capítulo 6, os clasificados no artigo 64 que terán a vinculación co nivel de desagregación que se indique no documento orzamentario.

2. Pola súa parte, terán carácter vinculante, co nivel de desagregación que apareza no estado de gastos, os créditos que teñan financiamento específico.

3. No referido á xestión dos gastos plurianuais teranse en conta a seguintes regras:

- A vinculación dos créditos na clasificación orgánica e a nivel de sección.
- A vinculación dos créditos na clasificación funcional e a nivel de programa.

4. Non se poden adquirir compromisos de gasto por unha contía superior aos importes dos créditos autorizados no estado de gastos, e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

**Artigo 6.** Distribución dos créditos.

O orzamento poderá executarse mediante subprogramas. É posible crear novos subprogramas unha vez aprobado o orzamento, que poderán ser dotados mediante desglose de crédito ou transferencia de crédito dentro do mesmo programa de gasto.

**Artigo 7.** Fondo de continxencia.

1. Co fin de facer fronte durante o exercicio orzamentario a necesidades inaprazables para as que non se fixera en todo ou en parte unha axeitada dotación de crédito, inclúese no orzamento da universidade a aplicación orzamentaria 0000 421S 500 “Fondo de Continxencia”. Este fondo poderá ser destinado a financiar créditos ampliables ou transferencias de crédito.

2. Este fondo, ademais da consignación inicial contida no orzamento, poderá ser dotado mediante retencións noutros créditos, con independencia do programa ao que se refiran, ou con remanente non afectado de tesourería, pero neste último caso precisará autorización previa do Consello de Goberno, e sempre que non signifique un incremento do teito de gasto aprobado para o exercicio 2016.

3. A dotación ou a utilización do fondo, con independencia do indicado nos seguintes artigos, será autorizado pola Xerencia trala instrución do oportuno expediente. Para a dotación e utilización do fondo deberán xustificarse respectivamente as fontes de financiamento do mesmo e as necesidades orzamentarias que se prevé atender. A Xerencia dará conta periodicamente ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

**Artigo 8.** Principios xerais das modificacións orzamentarias.

1. Son modificacións orzamentarias as variacións que poden autorizarse nos créditos que financian o estado de gastos para axeitalos ás necesidades que se produzan durante a execución do orzamento e ás correspondentes previsións de ingresos se procedera.

2. Todo acordo de modificación orzamentaria requirirá a instrución do oportuno expediente polo Xerente, administrador/a de centro/ámbito/campus, director/a ou xefe/a do servizo. O expediente conterá unha memoria xustificativa cos motivos que fundamentan a proposta, indicando tanto os referentes á realización do novo gasto proposto como, no seu caso, a suspensión da actuación inicialmente prevista e a repercusión sobre os obxectivos do programa afectado, e na que como mínimo se expresarán os programas e conceptos afectados co maior nivel de detalle, así como o seu financiamento no caso de que a modificación implique aumento neto do gasto.

3. Non poden incrementarse os créditos iniciais dos subconceptos 226.01 e 226.02.

4. As modificacións orzamentarias non poden implicar un aumento do teito de gasto aprobado para o exercicio 2016 coa excepción daquelas subvencións finalistas da Xunta de Galicia, da Administración do Estado, da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas para actividades non previstas no orzamento inicial.

5. Se fose necesario aprobar unha modificación do orzamento que incremente o teito de gasto e non estivese comprendida no apartado anterior, debe levarse ao Consello Social a aprobación do teito de gasto e a modificación simultaneamente.

**Artigo 9.** Xeracións de crédito.

1. Os ingresos que acheguen persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, e que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da universidade, poderán xerar crédito no estado de gastos. Tamén poderán xerar crédito:

- O alleamento de bens patrimoniais da Universidade.
- A prestación de servizos.
- O reembolso de empréstitos.
- O crédito do exterior para investimentos.
- O mecenado.

2. No expediente de xeración de crédito terá que constar a xustificación acreditativa de ingresos efectuados, así como a inexistencia de aplicación orzamentaria específica, se fose o caso. A Xerencia é o órgano competente para a aprobación destas modificacións, e no caso de convenios ou resolucións de entidades públicas pode autorizar a xeración de crédito dando credencial do compromiso do ingreso mediante copia do convenio asinado ou da resolución. A Xerencia dará conta periodicamente destas modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O enunciado nos apartados anteriores está supeditado a que non se incremente o teito de gasto establecido para o exercicio 2016.

#### **Artigo 10.** Créditos ampliáveis.

1. Terán excepcionalmente a consideración de ampliáveis os créditos seguintes:

- a) Os destinados ao pagamento das cotizacións á Seguridade Social ou outros gastos sociais do persoal.
- b) Os destinados ao pagamento de xuros, amortización de préstamos ou de operacións de crédito concertadas pola Universidade, así como os gastos financeiros.
- c) Os destinados á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia.
- d) Os destinados a atender as obrigas contidas nos programas ou subprogramas de gasto referidos a:
  - Prazas do Persoal de Administración e Servizos.
  - Prazas do Persoal Docente e Investigador.
  - Lectura de Teses de Doutoramento.

En relación a este último apartado establece un límite máximo de 1.600€ de gasto por tese de doutoramento con mención europea ou internacional e de 1.300€ de gasto para o resto das teses. Estes límites aplícanse para os gastos a efectuar con cargo á aplicación centralizada.

Excepcionalmente, si existe dispoñibilidade de crédito na aplicación orzamentaria apropiada que poida soportar o gasto (sempre que sexa diferente da aplicación orzamentaria 0000-131HLTD-230), a proposta, debidamente xustificada, do Director da Escola Internacional



de Doutoramento, o Presidente da Comisión Permanente do Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, na figura da súa Presidencia, poderá autorizar o incremento dos límites establecidos no punto anterior.

2. A Xerencia autorizará as ampliacións de crédito. O expediente de ampliación de créditos deberá establecer a fonte de financiamento de dita ampliación, distinguindo se o mesmo se financiará con reducións noutros créditos, con maiores recursos que se vaian obter ou con remanente non afectado de tesourería. A Xerencia dará conta periodicamente das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O cumprimento do establecido nos apartados anteriores está condicionado a que non se incremente o teito de gasto aprobado para o exercicio 2016.

### **Artigo 11.** Transferencias de crédito

1. Consisten no traspaso da totalidade ou parte dos créditos dun concepto orzamentario a outro do orzamento de gastos, isto é, na minoración dun ou varios conceptos en favor doutro ou doutros que aumentan globalmente na mesma contía. A proposta de diminución dun crédito dos que teñen financiamento xenérico ten que garantir que, no crédito minorado, quede consignación suficiente para atender os gastos previstos ata o final do exercicio.

2. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións xerais:

- Non poderán minorarse créditos que fosen incrementados mediante transferencia.
- Non poderán afectar a créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos en exercicios anteriores.
- Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración.
- Non poderán afectar a créditos con financiamento específico, agás autorización, que habereá de acreditarse no expediente do ente financiador.
- Non poderán minorarse créditos ampliables.
- Non poden afectar a créditos con distinta vixencia anual, agás as dotacións orzamentarias dos “programas soporte a xestión económica dos grupos de investigación”.

3. Correspóndelles aprobar as transferencias de crédito aos seguintes órganos:

a) Ao Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, as transferencias de gastos de capital a gastos correntes, calquera que sexa o programa ao que afecten.

b) Ao Consello de Goberno, as transferencias de crédito entre conceptos de diferentes programas, agás as mencionadas no apartado a).

c) Ao Xerente, por delegación do Consello de Goberno, as transferencias entre créditos dos diversos epígrafes dun mesmo ou de diferentes capítulos de gasto correspondentes ao mesmo programa, agás as mencionadas nos apartados a) e b), salvo no caso que se refiran a dotación ou utilización do fondo de continxencia.

### **Artigo 12.** Reasignación, desglose e redistribución de créditos

1. As dotacións de crédito que sexan realizadas desde os centros xestores de programas de gasto ás diferentes clasificacións orgánicas para a xestión descentralizada dos mesmos, sempre que non modifiquen nin a clasificación funcional, nin a clasificación económica, serán consideradas reasignacións de crédito e non transferencias de crédito.

Se o que se modifica, por ampliación de concepto a subconcepto, é exclusivamente a clasificación económica estaremos diante dun desglose de crédito.

A redistribución supón o traspaso da totalidade do crédito dunha aplicación a outra ou outras con distinta clasificación orgánica, pero a mesma clasificación funcional e económica.

2. As reasignacións, desgloses ou redistribucións de crédito serán ordenadas polo Xerente, a proposta do vicerreitor/a correspondente en función da materia de que se trate, quen deberá achegar aos administradores/as de centros/campus e xefes/as de servizo afectados/as, copia dos acordos.

### **Artigo 13.** Programa de soporte a xestión económica de grupos de investigación.

1. A Xerencia, a proposta da Vicerreitoría de Investigación, poderá autorizar a apertura de aplicacións orzamentarias de gasto para os grupos de investigación que subscriban un programa de soporte para a xestión económica das actividades de I+D+i.

Para a xestión destas actividades atenderase ao indicado no “Protocolo para o desenvolvemento do programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación”, aprobado na sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar o 13 de xuño de 2013, salvo contradición con norma o normas de rango superior.

2. A Xerencia dará conta periodicamente das dotacións de crédito para estes programas, indicando a procedencia dos créditos dotados, ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

### **Artigo 14.** Imputación de obrigas

1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións, ou gastos en xeral, que se realicen dentro do ano natural do propio exercicio orzamentario.

2. Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento as obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento da Universidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente recoñecidos en exercicios anteriores, entre elas as indemnizacións por razóns de servizo xeradas no último cuadrimestre do ano anterior.
- As que resulten de gastos realizados en exercicios anteriores e se validen na forma regulamentariamente establecida.

3. O Reitor é o órgano competente para a validación de gastos, que deberán ter o informe previo do Servizo de Control Interno. Para a validación dos gastos será necesario que, por parte dos órganos que teñen a competencia para autorizar gasto, se confeccione o oportuno expediente, no que figurará necesariamente a causa da non imputación ao orzamento correspondente e a aplicación á que

correspondería imputar o gasto.

4. No referido aos gastos de carácter plurianual estarase ao seguinte:

- a) Para a execución de gastos con cargo aos créditos de exercicios futuros, é necesaria a comprobación previa do cumprimento dos límites establecidos na normativa orzamentaria, sendo preciso acompañar ao expediente a constatación de dita circunstancia.
- b) No caso de que fose necesario, previa xustificación do órgano proponente e o conforme do Servizo de Control Interno, o Reitor poderá aprobar a modificación dos límites aos que se fai referencia no apartado anterior, sempre que esta aprobación non implique incumprimento do plan de estabilidade orzamentaria aprobado pola Xunta de Galicia para a Universidade.
- c) No caso de que a actuación se refira a un proxecto de investigación ou a un contrato programa, será necesario incorporar no expediente a certificación expresa da existencia do compromiso de financiamento. Se nalgún exercicio non existise crédito axeitado o Reitor poderá determinar a aplicación orzamentaria que soportará o gasto, no caso de que este deba realizarse.

#### **Artigo 15. Remanentes de crédito.**

1. O remanente de tesourería é un recurso orzamentario obtido, con carácter xeral, pola acumulación de resultados orzamentarios positivos dos anteriores exercicios. O remanente de tesourería obtense pola suma dos fondos líquidos, máis os dereitos pendentes de cobro, menos as obrigas pendentes de pago.

Para a incorporación ao exercicio orzamentario seguinte dos remanentes de tesourería, estarase ao que establezan as normas de sustentabilidade orzamentaria, tanto da administración autonómica coma da administración central.

Sempre dentro do establecido nas normas ás que se refire o parágrafo anterior, o remanente de tesourería debe aplicarse, en primeiro lugar, á dotación dos créditos necesarios para a devolución dos anticipos reintegrables que financian as diferentes infraestruturas de investigación. En segundo lugar, para financiar proxectos de investigación e demais actuacións con financiamento externo cunha duración que se estenda alén do exercicio económico de que se trate, pola parte do crédito dotado e non executado no exercicio.

Unha vez executadas as actuacións referidas anteriormente, e sempre que queden importes pendentes de aplicación, procederase a incorporar os créditos que acadaran a fase D, antes do 31 de decembro, na execución das aplicacións orzamentarias do exercicio precedente.

O Reitor excepcionalmente poderá acordar a incorporación do crédito dispoñible a 31 de decembro nas aplicacións orzamentarias correspondentes ás axudas a equipos de investigación, á dotación de laboratorios docentes e á produción científica, previa petición que deba vir acompañada da memoria xustificativa da necesidade. No caso de aprobarse esta incorporación, o crédito debe executarse, ineludiblemente, durante o exercicio ao que se incorpore.

2. Para a incorporación dos créditos de gasto destinados á execución das actividades previstas no programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación mencionados no artigo 13 atenderase ao indicado no “Protocolo para o desenvolvemento do programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación”, aprobado na sesión ordinaria do Consello de Goberno que

tivo lugar o 13 de xuño de 2013.

3. O resto dos remanentes que non se executen a 31 de decembro serán considerados de libre disposición para o exercicio seguinte.

4. Todas as operacións anteriores se entenden sempre supeditadas a que non se sobrepase o teito de gasto establecido para o exercicio 2016.

## **TÍTULO II. DOS GASTOS DE PERSOAL**

### **Artigo 16. Custos de persoal**

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da universidade quedan suxeitas ao que nesta materia dispón a Lei de Orzamentos Xerais do Estado e a Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Poderanse abrir aplicacións orzamentarias específicas no capítulo I para gastos de persoal contratado para a prestación de servizos con base en convenios ou programas con financiamento externo.

Estes gastos, coas súas cotas sociais, non poderán superar os importes dos convenios ou programas ou ben das previsións de ingresos. Así mesmo, poderanse ampliar as dotacións orzamentarias dos conceptos referidos, cando ao longo do exercicio se produza a incorporación de novo persoal co financiamento correspondente. Sempre que non se contradiga co establecido nestas normas nin nas que se establezan con carácter xeral pola CC.AA. de Galicia ou pola Administración Central.

3. Con cargo aos créditos dos programas 111L e 131H xestionados en centros e departamentos respectivamente, non se poden realizar contratacións de persoal.

4. A dotación orzamentaria do capítulo I inclúe unha previsión de 40.000€ para atender o mandato contido no artigo 88.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

## **TÍTULO III. SUBVENCIONS.**

### **Artigo 17. Achegas a fundacións.**

1. Quedan autorizadas para exercicio 2015 as seguintes achegas directas a fundacións:

<b>Entidade</b>	<b>Importe</b>
Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal	5.000,00 €
Fundación para a Promoción da Automoción en Galicia - CTAG	12.000,00 €
Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (Energylab)	20.000,00 €
Fundación Triptolemos	2.500,00 €
Fundación Museo do Pobo Galego	601,00 €
Fundación Universidade de Vigo - FUVI	80.000,00 €

2. Dentro dos límites do crédito orzamentado na aplicación 0000 421S 48, a Comisión Delegada de Planificación e Asuntos Económicos do Consello de Goberno poderá autorizar outras achegas a fun-

dacións agás aquelas en que, segundo o previsto no artigo 84 da Lei Clasificación orgánica 6/2001, de 21 decembro, de Universidades, deban ser aprobadas polo Consello Social.

#### **TÍTULO IV. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA**

**Artigo 18.** Informes e autorizacións previas á contratación administrativa.

1. Sen prexuízo da documentación e trámites que estableza a Lei de contratos do sector público, cumprirá informe previo e vinculante do Director do Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas nos casos en que as actuacións afecten a edificios da universidade e as súas instalacións xerais.

2. Os contratos administrativos de servizos, cando supoñan o uso por parte do contratista ou do seu persoal de inmobles, instalacións ou equipamento da universidade para a prestación dos servizos, requirirán a autorización previa da Xerencia.

**Artigo 19.** Medidas de racionalización da técnica da contratación.

1. O reitor, a proposta da Xerencia, poderá declarar a uniformidade na adquisición de determinados bens e servizos, co obxecto de proceder á realización de compras conxuntas para toda a universidade ou racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos mediante a conclusión de acordos marco, a articulación de sistemas dinámicos de contratación ou a asunción da contratación por servizos especializados.

2. A Xerencia queda autorizada para reter, autorizar e dispoñer dos créditos correspondentes para a contratación de bens e servizos de forma conxunta para toda a universidade previa a declaración prevista no apartado anterior. Así mesmo, poderá reter, autorizar, dispoñer e obrigar os créditos correspondentes nas contratacións centralizadas de obras, subministracións e servizos.

**Artigo 20.** Outras normas en relación á tramitación de expedientes.

1. Na proposta de contratación de obras, bens e servizos con cargo a créditos con financiamento específico será obrigatorio indicar a fonte de financiamento e o prazo de xustificación do gasto.

2. Despois do 30 de setembro e do 31 de outubro de cada exercicio non se poderán iniciar expedientes de contratación, mediante procedemento aberto ou procedemento negociado respectivamente con cargo a créditos do exercicio corrente.

A data límite será un mes antes para os contratos de regulación harmonizada ou calquera dos contratos mencionados no artigo 37.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público, que poidan ser obxecto de recurso especial en materia de contratación.

Con cargo a proxectos de investigación, unicamente se poderán iniciar expedientes de contratación cando o período entre a data de inicio do expediente e a data de finalización do proxecto sexa superior a dous meses. En todo caso, a tramitación só será posible se computado o tempo de tramitación e de execución do contrato, a xustificación de gastos é posible.

3. Excepcionalmente, tras a debida xustificación do proponente, o órgano de contratación poderá autorizar o inicio de expedientes despois das devanditas datas.

**Artigo 21.** As actas de recepción.

1. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de obras deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, dos facultativos encargados da dirección da obra, do facultativo designado polo reitor, do responsable o dun representante do Servizo de Control Interno e do xerente.
2. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de subministracións ou servizos deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, das persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos dos centros de gasto, do responsable do Servizo de Control Interno, do xerente e, no seu caso, o responsable do proxecto de investigación ao que corresponde o expediente. Nos servizos centralizados, ou cando así o estime oportuno a Xerencia, figurará o responsable ao que se destine o obxecto do contrato e o técnico que se designe.
3. Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as subministracións de bens e os servizos que respondan a necesidades permanentes e que supoñan entregas ou prestacións repetitivas, que serán recepcionados mediante dilixencia sobre a factura ou documento xustificativo da entrega por parte do responsable da unidade ao que se destine o obxecto do contrato e as persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos do centro de gasto.
4. Trimestralmente darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social das recepcións efectuadas que superen os 450.759,08 euros en obras e 300.506,05 euros en subministracións e en servizos.

**TÍTULO V. DA XESTIÓN DO INVENTARIO E PATRIMONIO.****Artigo 22.** Dos bens mobles inventariables.

Serán inventariables como regra xeral os bens non funxibles que reúnan conxuntamente os requisitos que se indican a continuación:

- a) Que se lle calcule unha vida útil superior ao ano e non se consuma co uso.
- b) Que teñan un custo unitario superior a 400 euros, tendo en conta o valor de imputación da adquisición ao orzamento da Universidade.

Exceptuarase do anterior o mobiliario (cadeiras, mesas, armarios ou outro mobiliario semellante) que tense que inventariar en todos os casos con independencia do seu valor.

Tamén incorporaranse ao inventario aqueles bens que aínda que non fosen adquiridos pola universidade sexan doados. Nestes casos a valoración do material virá dado, con carácter xeral, por unha certificación expedida pola persoa ou entidade doadora do ben, quen pode substituír esta certificación pola aportación da factura de compra si a tivese.

**Artigo 23.** Alleamento de bens patrimoniais da Universidade.

